

INFORME ANUAL

2018

*Claustro Universitario do
10 de maio de 2019*

INFORME
ANUAL
2018

ÍNDICE

LIMIAR _____ 7

1/ GOBERNANZA

1.1. Normativas, órganos colexiados e procesos electorais _____	9
1.2. Actos protocolarios _____	10
1.3. Economía _____	11
1.4. Xestión académica _____	12
1.5. Oficina de Análise de Reclamacións _____	13
1.6. Administración electrónica _____	13
1.7. Asesoría Xurídica _____	14
1.8. Normalización lingüística _____	14
1.9. Igualdade de Xénero _____	15
1.10. Desenvolvemento sostible _____	16

2/ COMUNIDADE UNIVERSITARIA

2.1 Estudantado _____	19
2.2 Profesorado _____	22
2.3 Persoal de Administración e Servizos _____	25

3/ TITULACIÓN

3.1 Graos e Mestrados _____	29
3.2 Doutoramento _____	32
3.3 Estudos propios _____	32
3.4 IV Ciclo _____	33

4/ INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

4.1 Xestión e valorización de I+D+i _____	35
4.2 Infraestruturas de Apoio á Investigación _____	38
4.3 Transferencia e Emprendemento _____	39
4.4 Biblioteca _____	40

5/ CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS

5.1 Cultura _____	43
5.2 Deporte _____	44
5.3 Publicacións e Intercambio Científico _____	45
5.4 Integración Universitaria _____	46
5.5 Centro de Linguas Modernas _____	47

6/ INTERNACIONALIZACIÓN

6.1 Programas de Mobilidade de estudantes, PAS e PDI _____	49
6.2 Proxección internacional da USC _____	51
6.3 Proxectos internacionais de mobilidade _____	51

7/ CALIDADE E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

7.1 Mellora da Calidade _____	53
7.2 TIC _____	54
7.3 Campus virtual _____	57

8/ CAMPUS DE LUGO

8.1 Normalización Lingüística _____	59
8.2 Internacionalización _____	59
8.3 Campus Terra _____	60
8.4 Investigación _____	60
8.5 Proxección na contorna _____	61
8.6 Infraestruturas e servizos _____	61

TÁBOAS

TÁBOA 1/ Reprogramación da débeda _____	11
TÁBOA 2/ Alumnado matriculado a 31 de outubro, segregado por sexo, nivel de estudos e gran área. Curso 2018/2019 _____	19
TÁBOA 3/ Programas de formación e innovación docente _____	24
TÁBOA 4/ PAS. Efectivos a 31/12/2018 segmentados por sexo e idade media _____	25
TÁBOA 5/ OPE PAS 2018. Estabilización _____	26
TÁBOA 6/ OPE PAS 2018. Xeral _____	26
TÁBOA 7/ Oferta de titulacións por ramas de coñecemento. 2017/2018 _____	29
TÁBOA 8/ Oferta de titulacións por ramas de coñecemento. 2018/2019 _____	29
TÁBOA 9/ Cobertura de prazas de inicio de estudos en titulación de grao _____	30
TÁBOA 10/ Convenios para a realización de prácticas en empresas _____	32
TÁBOA 11/ Alumnado matriculado no IV Ciclo. 2018 _____	33
TÁBOA 12/ Proxecto Camiños de coñecemento e experiencia _____	33
TÁBOA 13/ Centro de Linguas Modernas. Cursos e probas _____	47
TÁBOA 14/ Programas de mobilidade no curso 2018/19 _____	49

GRÁFICOS

GRÁFICO 1/ Evolución do cumprimento do II Plan de Igualdade (2014-2018) _____	15
GRÁFICO 2/ Feira de Innovación. Datos _____	21
GRÁFICO 3/ Análise do profesorado permanente da USC (31/12/2018) _____	23
GRÁFICO 4/ Distribución do profesorado por gran áreas _____	23
GRÁFICO 5/ Centros e equipos atendidos polo CAU _____	54
GRÁFICO 6/ Equipos atendidos por tipo de incidencia _____	55



LIMIAR

O artigo 78.h dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela atribúelle ao Claustro Universitario a competencia de deliberar sobre o informe anual do Reitor. Tratando de dar resposta á devandita atribución, preséntase ao Claustro Universitario este informe sobre a actividade desenvolta na Universidade durante o ano 2018.

Despois de varios anos sen que se presentase este informe, comprometémonos diante do Claustro Universitario non só a realizar esta presentación, como un exercicio necesario de rendición de contas diante do máximo órgano de representación da comunidade universitaria, senón tamén á súa discusión nun debate de carácter xeral, nunha sesión convocada ao efecto ao longo da primavera. Preténdese, xa que logo, que a presentación deste informe permita desenvolver no Claustro un debate sobre cuestións de indubidable interese para a Universidade, cun formato máis libre, non ligado directamente á presentación de emendas, como ocorre con ocasión da aprobación dos orzamentos e da programación plurianual.

Polo que afecta a este informe, que corresponde ao ano 2018, cómpre salientar algúns aspectos que o singularizan. En primeiro termo, porque se refire a un ano no que, como é coñecido, se produciron eleccións á Reitoría, co resultado dun cambio no goberno da Universidade, polo que o efecto da rendición de contas iría repartido entre dous gobernos diferentes. E, por outra parte, porque xorde nun momento en que se está tramitando para a súa aprobación a programación plurianual, que consideramos que debe ser o marco no que se encadren estes informes.

Por estas razóns optamos por un formato de informe substancialmente descriptivo, que recolle as actividades desenvoltas durante o 2018 e que permite coñecer a realidade da USC neste exercicio e servir de soporte ao debate previsto nos Estatutos. Para exercicios futuros trataremos de orientar este documento como un informe de xestión, directamente relacionado e enmarcado nos obxectivos da programación plurianual.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
Reitor

GOBERNANZA

1.1/ NORMATIVAS, ÓRGANOS COLEXIADOS E PROCESOS ELECTORAIS

Normativas

A USC ten unha notable actividade normativa debido ás súas diversas áreas de actuación, nas que debe facer fronte tanto a novas situacións como a trocos de normas de maior rango. Así, no ano 2018 publicáronse as seguintes normativas:

- Acordo de esixencia de nivel de coñecemento de idioma para matrícula en estudos de grao e máster oficiais para o alumnado estranxeiro.
- Instrución I/2018 da Secretaría Xeral pola que se establece un procedemento excepcional para o cumprimento dos Acordos da Comisión de Validacións e Recoñecementos.
- Modificación do Acordo do Consello de Goberno de 12 de maio de 2017 de recoñecemento de créditos nos estudos de grao segundo o disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 sobre competencia en información.
- Política de Privacidade e Protección de Datos.
- Política de Seguridade da Información.
- Política de Xestión de Documentos Administrativos Electrónicos.
- Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela de actuación fronte ao acoso psicolóxico, a violencia psicolóxica e outras situacións de conflito relacional no traballo.
- Regulamento para a docencia de calidade en linguas estranxeiras da USC (Regulamento LEDUS).
- Regulamento da Domus do Mitreo.
- Regulamento de oficinas de asistencia da USC.

- Resolucións da Secretaría Xeral que autorizan os sistemas de acceso para as persoas estranxeiras.
- Resolución da Secretaría Xeral que autoriza a utilización do selo electrónico de órgano en determinados procedementos automatizados da USC.

Consello de Goberno e Claustro Universitario

Durante o ano 2018 tiveron lugar 17 sesións do Consello de Goberno (14 ordinarias e 3 extraordinarias) e 3 sesións do Claustro Universitario (1 extraordinaria e 2 ordinarias):

- Sesión extraordinaria de 15 de outubro (constitución do órgano)
- Sesión ordinaria de 15 de outubro
- Sesión ordinaria de 29 de novembro na que se aprobaron as liñas xerais dos orzamentos e da programación plurianual.

Procesos electorais

O 27 de febreiro de 2018 convocáronse as eleccións de reitor/a e de representantes dos distintos sectores no Claustro Universitario. A votación celebrouse o día 23 de abril, e nela o Profesor Antonio López Díaz obtivo a confianza da comunidade universitaria. A proclamación definitiva de reitor electo e dos representantes electos no Claustro realizouse o día 7 de maio de 2018. Finalmente, o día 5 de xuño tivo lugar a toma de posesión do novo equipo de goberno, que está formado polos seguintes membros:

- Prof. Antonio López Díaz, reitor.
- Prof. Vicente Pérez Muñuzuri, vicerreitor de Investigación e Innovación



- Prof. Ernesto González Seoane, vicerreitor de Profesorado
- Profa. María Victoria Otero Espinar, vicerreitora de Titulacións
- Profa. María do Mar Lorenzo Moledo, vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos
- Prof. Víctor Arce Vázquez, vicerreitor de Estudiantes e Internacionalización
- Profa. María Celia Besteiro Rodríguez, vicerreitora de Organización Académica
- Prof. Gumersindo Feijoo Costa, vicerreitor de Planificación e Proxección Estratégica
- Profa. Monstserrat Valcárcel Armesto, vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo
- Dna. Dulce María García Mella, secretaria xeral da Universidade
- Prof. Javier Ferreira Fernández, xerente (neste caso a toma de posesión tivo lugar o 15 de xullo de 2018).

1.2/ ACTOS PROTOCOLARIOS

Como queda dito, o 5 de xuño tivo lugar a toma de posesión do reitor e do novo equipo de goberno da

USC nun acto protocolario que decorreu no Colexio de Fonseca.

O acto solemne de inauguración do curso 2018-2019 celebrouse o día 5 de setembro, tamén no Colexio de Fonseca. No seu transcurso, a Secretaría Xeral presentou a memoria do curso académico anterior e o profesor Ángel Concheiro Nine, catedrático de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, pronunciou unha lección inaugural sobre «Sistemas de administración e eficacia dos medicamentos».

Así mesmo, celebráronse seis actos de toma de posesión de decanos/as e directores/as de Centro. Neste punto cabe destacar o cambio producido na organización e desenvolvemento destes actos, que na actualidade estes actos teñen lugar nos centros respectivos.

Por outra banda, no ano 2018 impúxose a Insignia de Ouro da Universidade a don José Antonio Villasante Cerro, a don Luis María Hervella Torrón, a dona M^a Isabel Fraga Vila e a don José Manuel García Iglesias e aos membros do anterior equipo de goberno.

Finalmente, compre salientar o acto de entrega da Insignia Fonseca, coa que a USC honra ás traballadoras e traballadores que levan prestando servizos á Institución durante máis de 30 anos. Por primeira vez impúxoselle a insignia a todas as persoas que cumprían esa condición con independencia da súa idade (532 membros do PDI e PAS).



1.3/ ECONOMÍA

A elaboración dos orzamentos de 2019 foi unha das primeiras tarefas abordadas polo actual equipo de goberno. Para este cometido, tomáronse como referencia a información do Plan Galego de Financiamento Universitario, os niveis de execución de ingresos e gastos do exercicio 2018 e as principais fontes de financiamento e necesidades para 2019. A súa aprobación tivo lugar nas reunións do Consello de Goberno e Consello Social dos días 20 e 21 de decembro, respectivamente.

Un dos feitos máis relevantes no exercicio 2018 foi a reprogramación temporal da débeda, que permitiu un alongamento dos prazos de reembolso ata 2028, unha redución dos tipos de xuros e dous anos de carencia para o caso da débeda a reintegrar á Administración Autonómica. No cadro anexo detállase a evolución da débeda bancaria e dos anticipos estatais e autonómicos, previa e posterior ao devandito refinanciamento.

Ademais destes dous importantes fitos cómpre destacar outros aspectos que se puideron abordar e que

ANO	SITUACIÓN EN 2018			SITUACIÓN EN 2019 (REPROGRAMACIÓN)		
	DÉBEDA BANCARIA	ANTICIPOS ESTATAIS E AUTONÓMICOS	TOTAL	DÉBEDA BANCARIA	ANTICIPOS ESTATAIS E AUTONÓMICOS	TOTAL
2019	3.828.301,50	1.562.124,43	5.390.425,93	1.893.446,38	759.216,10	2.652.662,48
2020	3.864.123,89	2.881.182,00	6.745.305,89	1.901.986,04	2.078.273,67	3.980.259,71
2021	3.900.678,62	933.694,45	4.834.373,07	1.910.577,37	710.728,84	2.621.306,21
2022	3.937.980,74	887.184,06	4.825.164,80	1.919.220,73	64.218,44	2.583.439,17
2023	940.170,94	848.200,41	1.788.371,35	1.927.916,42	625.234,79	2.553.151,21
2024	940.170,94	670.292,06	1.610.463,00	1.936.664,72	625.234,73	2.561.899,45
2025	940.170,94	-	940.170,94	1.945.466,01	579.942,71	2.525.408,72
2026	-	-	-	1.954.320,58	579.942,71	2.534.263,29
2027	-	-	-	1.963.228,74	579.942,71	2.543.171,45
2028	-	-	-	1.478.299,98	579.942,71	2.058.242,69
TOTAL	18.351.597,57	7.782.677,41	26.134.274,98	18.831.126,97*	7.782.677,41	26.613.804,38

*O aparente incremento da débeda bancaria débese a que a última amortización trimestral de 2018 tamén foi afectada pola reprogramación.

TÁBOA 1/ Reprogramación da débeda

permiten ter unha visión nítida da situación económica da USC e da súa posible evolución:

1. Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) 2016-2020. O financiamento obtido pola suma de todos os conceptos do PGFU (excluíndo o financiamento para I+D, que se distribúe con criterios competitivos) acadou en 2018 a cifra de 151,10 millóns de euros (146,47 en 2016; 150,01 en 2017). Esta é a principal fonte de financiamento da Universidade e, para ter unha referencia sobre a magnitude, adoita compararse co custo do capítulo I (custos de persoal). Este capítulo de gastos acadou en 2018 os 147,20 millóns de euros e a súa tendencia indica que converxerá e probablemente superará o financiamento do PGFU, no caso de se manteren nos vindeiros anos as tendencias de ambas as variables.

2. Plan Económico Financeiro de Reequilibrio (PEFR). As previsións de contención do gasto que previa o PEFR víronse superadas en 2018 en 4,96 millóns de euros, só no capítulo I e excluíndo aqueles custos non previsibles (subidas retributivas e similares); en 2017 a desviación fora de 1,49 millóns de euros. No capítulo II, considerando unicamente os créditos non afectados, a desviación con respecto á previsión do PEFR foi de 1,77 millóns de euros (2,25 millóns en 2017).

3. Execución de ingresos e gastos. A cifra global dos dereitos recoñecidos acadou en 2018 os 248,34 millóns de euros. No orzamento de gastos, os compromisos adquiridos acadaron 246,56 millóns de euros; hai que destacar que, de xeito similar a exercicios anteriores, a execución de gasto para os créditos non afectados supera o 99%.

4. Resultado e evolución do déficit. O resultado axustado dun exercicio indica o balance entre ingresos (entendidos como dereitos recoñecidos) e gastos, tanto correntes como de capital ou financeiros.

5. Trasladando ese resultado ao déficit de financiamento acumulado, obsérvase un incremento en 2018 de 1,15 millóns, o que sitúa o déficit acumulado actual en 10,38 millóns de euros, que será preciso corrixir nos vindeiros exercicios.

Outra cuestión que creou bastante inquietude na comunidade universitaria ao longo do ano pasado foi a

entrada en vigor en marzo de 2018 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, a cal sufriu cambios notables na súa literalidade e na interpretación que fixeron as distintas xuntas consultivas desde o mes de marzo a finais de ano, o que obrigou á USC a facer adaptacións de diverso calado. Inicialmente limitábanse os contratos menores de servizos e subministracións a un máximo de 15.000 euros por terceiro e ano, o que esixía unha serie de controis previos que chegaban a paralizar a actividade ordinaria. Finalmente, a USC publicou no último trimestre unha Instrución regulando o uso de unidades funcionais; deste xeito, o control dos contratos menores pasaba a facerse por unidade funcional, e por cada obxecto de contrato, permitindo unha xestión máis fluída.

Xa por último nesta epígrafe, cómpre facer unha reflexión sobre o investimento nas infraestruturas. As actuacións previstas nas programacións plurianuais vense sistematicamente superadas polas necesidades sobrevidas, moitas delas pola imposibilidade de garantir un mantemento das instalacións e equipamentos. Deste xeito iníciase un ciclo perverso no que a incapacidade de investimento produce a medio prazo un custo superior, concentrado en períodos curtos e imposible de asumir co financiamento ordinario. O caso da Facultade de Farmacia é paradigmático (0,8 millóns de gasto en 2018); pero tamén o son as instalacións de climatización en moitos edificios, as cales se manteñen con investimentos mínimos máis alá da súa vida útil, polo que finalmente é preciso facer unha renovación completa do equipamento, cun investimento dificilmente asumible co orzamento dun exercicio. O gasto total en obras de reparación, ampliación e melloras en 2018 ascendeu a 2.390.000 euros.

1.4/ XESTIÓN ACADÉMICA

Ao longo do ano 2018 realizáronse diversas accións que mudaron as unidades e procedementos de xestión académica. Entre elas cabe salientar as seguintes:

- Posta en marcha da posibilidade de que os alumnos obteñan directamente a través da Secretaría Virtual os certificados académicos que se asinan con selo de órgano, automatizando completamente a xestión.
- Posta en marcha do recoñecemento das actividades sobre competencias informacionais organizadas pola BUSC e integración da súa xestión a través de Xescampus.

- Renovación da certificación da norma UNE-EN-ISO-9001:2015 para os procesos certificados do Servizo de Xestión Académica, do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, e da Oficina de Análise de reclamacións.

- Distribución das funcións relacionadas co estudos de doutoramento e os estudos propios de posgrao entre persoas do Negociado de Doutoramento e Admisión, e das UXAS do Campus de Lugo e do Campus Sur, como consecuencia da supresión efectiva da Sección de Terceiro Ciclo e Estudos Propios de Posgrao e do Negociado de Doutoramento.

1.5/ OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS

A Oficina de Análise de Reclamacións integrouse completamente na administración electrónica, introducindo tanto a sinatura electrónica da Secretaria Xeral como as notificacións electrónicas aos interesados a través da Sede Electrónica, o que reduciu sensiblemente os tempos de resolución dos recursos, así como o gasto en consumo de recursos materiais. Tamén se definiu un sistema de intercambio de información mensual para remisión de enquisas a persoas usuarias co obxectivo de aumentar a participación dos estudantes.


En relación coa taxa de resposta, unha vez implementadas as enquisas mensuais, non se observan cambios significativos en comparación co curso académico pasado.

Por último, en canto aos indicadores relativos á xestión de queixas, cambiouse o límite do tempo medio de resposta á queixa, que queda fixado en 25 días.

1.6/ ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

No ámbito da administración electrónica, no tocante ao cumprimento do II Plan de Administración Electrónica (2016-2019), cabe dicir que aumentaron os procedementos electrónicos, tanto internos como externos, o uso do rexistro de entrada e as notificacións electrónicas, o número de documentos asinados electronicamente a través do portasinaturas, así como o número de certificados automatizados con selo de órgano.

Outras actuacións neste eido foron a contratación de melloras técnicas para a sede electrónica,



os contactos coa Xunta con avances na interoperabilidade para consulta de documentación entre administracións, o acceso a aplicacións da Administración do Estado en virtude do convenio MINHAP-CRUE, as actuacións cara á posta en marcha da ferramenta de rexistro Geiser, a renovación de certificados electrónicos e o desenvolvemento da nova aplicación de censo permanente e xestión electoral.

1.7/ ASESORÍA XURÍDICA

A Asesoría Xurídica durante 2018 desenvolveu diversas actividades. En primeiro lugar, hai que mencionar o seguimento de xuízos, coa seguinte distribución:

- **Xuízos laborais.** Producíronse 45 sentenzas e autos daxurisdición social, que abranguen diversos aspectos como, por exemplo, recoñecementos de dereito, solicitudes de indefinición, etc.
- **Xuízos contencioso-administrativos.** Producíronse 29 sentenzas sobre diversas materias relacionados con expedientes da OAR e relativos ao recoñecemento do B1.
- **Xuízos mercantís.** Producíronse 4 sentenzas e autos.
- **Xuízos penais.** -Produciuse 1 sentenza.

Ademais das actuacións diante dos tribunais cabe salientarmos tamén estoutas actividades:

- **Informes sobre convenios.** Informáronse 294 convenios tramitados por la ORE, 91 polo Centro de Estudos Propios/CIEDUS, 557 polo SXOPRA e 313 de Investigación.
- **Regulamentos de centros, departamentos, TFG e TFM.** Revisáronse 61 regulamentos.
- **Asistencia mesas de contratación.** Realizáronse 16 antes da entrada en vigor da *Ley de Contratos del Sector Público* e 21 despois da súa entrada en vigor.

1.8/ NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Asesoramento

No eido do asesoramento, os esforzos centráronse na corrección de textos e, en menor medida, na súa tradución. Tamén se desenvolveron labores de asesoramento lingüístico puntual á comunidade universitaria a través de correos electrónicos, atención

telefónica ou mediante o formulario de consultas lingüísticas dispoñible no web.

Alguns dos materiais nos que se traballou foron os seguintes:

- Material docente e de investigación. Destacan neste eido a edición de unidades didácticas de diferentes campos científicos
- Materiais administrativos
- Teses de doutoramento
- Material produto de contratos de prestacións de servizos
- Publicacións da USC ou de colectivos da USC

Formación

No terreo da formación, as actividades desenvolvidas foron as seguintes:

- 4 cursos de lingua galega para non galegofalantes.
- Curso de Habilidades Comunicativas, módulo “A redacción científica”
- Curso de Habilidades Comunicativas, módulo “Falar en público”
- Curso de Habilidades Comunicativas, módulo “Presentacións dixitais eficientes”
- Obradoiro de linguaxe xurídica para estudantes da Facultade de Dereito

Dinamización

No terreo da dinamización lingüística as actividades máis salientables son as seguintes:

- Continuación das campañas de apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento. En concreto, durante o ano 2018 outorgáronse axudas a teses de doutoramento por valor de 3.000 €
- Convocatoria da XIV edición dos Premios á Calidade Lingüística dos traballos académicos, traballos de fin de grao, proxectos de fin de carreira e traballos de fin de mestrado.
- Edición en formato dixital do voceiro *O Cartafol*.
- Coordinación e realización de actividades varias coas comisións de normalización lingüística dos centros, de entre as que destacan:




GRÁFICO 1/ Evolución do cumprimento do II Plan de Igualdade (2014-2018)

- Organización das XI Xornadas de Recursos Educativos en Galego
- Organización dun curso e dun concurso de subtitulación de vídeos TED relacionados co ámbito da saúde.
- Convocatoria do Premio Literario Mazarelos
- Participación no programa Youtubeir@s xunto coas outras dúas universidades e numerosos concellos de Galicia

Terminoloxía

No ámbito da terminoloxía creouse unha base de termos (o bUSCatermos) que se continúa alimentando de todos os vocabularios e léxicos especializados, que conta na actualidade con máis de 150.000 fichas terminolóxicas. Ao longo do ano de referencia continuouse traballando na implementación dun motor de busca máis eficiente.

Editáronse tamén os seguintes volumes:

- Villalba Sánchez, A.; X. A. Rodríguez Río (2018): *Termos esenciais de dereito do traballo e da seguridade social: (galego-español-inglés)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Núñez Singala, M (ed.) *Terminoloxía e normalización. Actas da XII Xornada Científica Realiter*. Universidade de Santiago de Compostela.

1.9/ IGUALDADE DE XÉNERO

En materia de igualdade de xénero cómpre salientarmos en primeiro termo o seguimento da evolución dos resultados das accións previstas no II Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades (PEIOMH) entre Mulleres e Homes da USC 2014-2018.

Entre as accións consolidadas do II PEIOMH pódense mencionar as seguintes:

- A convocatoria dos Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e a investigación na USC, que no 2018 acadou a súa novena edición. Cómpre salientarmos a recente inclusión desta iniciativa na ferramenta en liña do European Institute for Gender Equality (GEAR tool), como exemplo de boa práctica de “Integración da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación”.
- O programa Woman Emprende, programa referente a nivel estatal para o fomento do emprendemento feminino na creación de empresas de base tecnolóxica universitarias.
- A potenciación do programa Verán CampUSC (campamentos urbanos para fillos e fillas do persoal, do alumnado da USC e de público en xeral).
- A conmemoración das datas consagradas na axenda feminista (o 25 de novembro e o 8 de marzo), ademais do 11 de febreiro, recentemente proclamado Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, con actividades no 2018 como a terceira edición do Programa “Unha enxeñeira ou científica en cada cole” (no marco do convenio de colaboración en materia de igualdade co Concello de Santiago).
- Así mesmo, o recoñecemento pola súa traxectoria a prol da igualdade de xénero a unidades ou servizos da USC, no marco do acto institucional do Día Internacional das Mulleres, que este ano 2019 recaeu na Biblioteca Universitaria.

Por outra banda, entre os avances nas principais novidades deste Plan paga a pena deterse nos seguintes:

- Promoción da incorporación da perspectiva de xénero na investigación. No 2018 retomouse, dentro das actividades formativas do CIEDUS, a acción formativa *A Perspectiva de xénero como modelo de coñecemento: importancia, vixencia e utilidade na investigación*.



- Fomento do cambio cultural que favoreza a coresponsabilidade. No pasado ano púxose en marcha o Programa de Obradoiros de Supervivencia doméstica: Corresponsabilízate! para alumnado da USC, coa realización de dous talleres na R.U. Jesús Bal y Gay. Esta experiencia piloto, desenvolvida no campus de Lugo, servirá de referencia para a súa futura implementación no resto de residencias e colexios maiores do SUR.

Por último, en relación a área de actuación ante o acoso e as actitudes sexistas, cabe destacar a posta en marcha do *Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero* (de aplicación a toda nosa comunidade universitaria e que entrou en vigor o 14 de xaneiro de 2017). Este protocolo activouse en 6 ocasións.

1.10/ DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

No marco do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC desenvolvéronse, durante o ano 2018, as seguintes actividades:

BOLSAS DE SOSTIBILIDADE, PARTICIPACIÓN E INTEGRACIÓN UNIVERSITARIA (SPIU)

No curso 2017-18 convocouse a décimo cuarta edición das bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU). O obxecto desta iniciativa é favorecer a formación e sensibilización do alumnado da USC en materia de sostibilidade. Executáronse 14 bolsas das cales 10 foron bolsas de colaboración e 4 bolsas de especialización.

PROGRAMA MOBILIDADE

O programa de mobilidade da USC contempla o fomento de modelos alternativos e hábitos sostibles nos desprazamentos da comunidade universitaria. Para iso o PDS pon á súa disposición mapas peonís a través dos puntos verdes das facultades e do seu sitio web, información sobre transporte público, o programa comparte coche e o préstamo de bicicletas. Concretamente, no ano 2018 prestáronse 230 bicicletas que chegaron ao redor de 300 usuarios.

CÁLCULO DA PEGADA ECOLÓXICA

No ano 2018 péchase un ciclo de dez anos de cálculo da pegada ecolóxica da USC abrangendo alcance 1, 2 e 3 a partir dunha metodoloxía propia. Os alcances 2 e 3 xeran a posibilidade de elaborar

o informe de consumo de papel e o informe de mobilidade. A cuantificación da pegada ecolóxica favorece a comunicación dos hábitos e dos impactos derivados da xestión da institución cara á comunidade universitaria e cara á sociedade.

COLABORACIÓN COA CRUE

A USC é representante das universidades españolas no Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello de Cooperación do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC) e forma parte do Consello do Observatorio de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (OCUD).

Colaboramos na elaboración e redacción da proposta sobre universidades no Plan de Acción da Axenda 2030 do Goberno (Barcelona, abril) e asistimos a varias formacións e conferencias ligadas a sostibilidade e Axenda 2030.

PREMIO RETOS SOBRE ODS.

CONFERENCIA IBEROAMERICANA DE ODS

Bolseiros do PDS da USC gañaron o concurso sobre retos da Conferencia Iberoamericana de ODS, celebrada na Universidade de Salamanca entre o 27 e o 29 de xuño de 2018, xunta ás universidades de Aveiro e Nicaragua, competindo con outras 21 universidades de 15 países.

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Ao longo de cada curso académico elabóranse e lévanse á cabo campañas de sensibilización e educación ligadas á: redución, reciclaxe, reutilización e separación de residuos; redución dos consumos de enerxía e combustibles; redución de consumo de papel; consumo de auga; e modelos de mobilidade sostibles.

As campañas son distribuídas aos 25 centros docentes, ás residencias universitarias e aos centros administrativos.

PROGRAMA DE HORTOS E COMPOSTAXE

A USC mantivo activos no 2018 tres hortos ecolóxicos colectivos no campus de Santiago [Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico (CACTUS), Residencia do Burgo das Nacións e a Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE)] e outros 2 no campus de Lugo (Facultade de Formación do Profesorado e Residencia Bal y Gay). Ademais a carón do IBADER, no campus de Lugo, contamos cun horto dividido en 30 parcelas que se adxudican individualmente.

O PDS ven colaborando na materia *A agricultura a pequena escala: presente e futuro* que forma parte do plan de estudos do Diploma Senior do IV Ciclo da USC.

A AXENDA 2030 E A GOBERNANZA

A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) ven traballando no fomento da Axenda e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) por parte das universidades.

A Universidade de Santiago de Compostela, comprometida coa dimensión cívico-social da institución (a denominada terceira misión) desenvolveu en novembro de 2018 tres sesións de formación sobre Axenda 2030 e os ODS dirixidas ao equipo de goberno e ás xefas e aos xefes dos servizos, coma un punto de partida cara a toma de decisións e o deseño de accións.

COMUNIDADE UNIVERSITARIA

2.1/ ESTUDANTADO

O alumnado matriculado a 31/10/2018 na USC ascendía a 25.035 persoas, das cales o 61% eran mulleres. A gran área con maior volume de matrícula era a de Ciencias Sociais e Xurídicas, que representaba un 37% do total.

Por outra banda, cómpre sinalar que nas pasadas probas de acceso á universidade do SUG, un total de 704 estudantes acadaron unha cualificación igual ou superior a 9; deles, 392, un 55,7%, formalizaron a súa matrícula nos estudos de grao da USC.

ÁREA E NIVEL DE ESTUDOS	HOMES	MULLERES	TOTAL ALUMNADO MATRICULADO
ARTES E HUMANIDADES	1.262	2.193	3.455
Doutoramento	261	308	569
Grao	899	1.703	2.602
Máster	102	182	284
CIENCIAS	1.519	1.342	2.861
Doutoramento	244	165	409
Grao	1.176	1.071	2.247
Máster	99	106	205
CIENCIAS DA SAÚDE	2.210	5.488	7.698
Doutoramento	290	509	799
Grao	1.834	4.748	6.582
Máster	86	231	317
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	3.545	5.784	9.329
Doutoramento	291	346	637
Grao	2.866	4.817	7.683
Máster	388	621	1.009
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	1.147	545	1.692
Doutoramento	143	80	223
Grao	859	391	1.250
Máster	145	74	219
TOTAL	9.683	15.352	25.035

FONTE: Datos do curso 2018/2019 proporcionados pola ATIC a 31/10/2018. Inclúe todos os tipos de matrícula (ordinaria, extraordinaria, visitantes) e o alumnado de programas de mobilidade alleos.

TÁBOA 2/ Alumnado matriculado a 31 de outubro, segregado por sexo, nivel de estudos e gran área. Curso 2018/2019





Un dos factores que lastraron nos últimos anos o volume total de alumnado matriculado na USC foi a limitación no número máximo de primeira matrícula por titulación fixado no Sistema Universitario Galego. Este feito supoñía, por exemplo, que calquera suba no límite de prazas nun grao determinado obrigaba a unha redución equivalente na oferta dos restantes graos, pois o obxectivo da medida non era outro que manter inalterado o número de prazas globais. No segundo semestre do 2018 comezáronse a dar os pasos necesarios para mudar esta situación que limitaba a capacidade de manobra da institución e a adecuación da nosa oferta académica ás demandas sociais e ás nosas capacidades e obxectivos estratéxicos.

A continuación faise referencia a diversos aspectos importantes para o estudantado, como por exemplo as accións no eido da inserción laboral, un indicador que está vinculado directamente a unha das principais misións da universidade, como é a transferencia efectiva de capital humano á sociedade, para que co seu coñecemento e capacidade actúe como motor do desenvolvemento sustentable.

Orientación e Inserción Laboral

Proxecto Mentoring USC

O Proxecto Mentoring da USC ten como obxectivo mellorar as posibilidades de acceso ao mundo laboral dos estudantes e titulados recentes, facilitándolles a posibilidade de estableceren contacto con profesionais experimentados na área profesional da

que proveñen. Na edición 2018-19 introduciuse un cambio importante respecto ás anteriores, xa que se completou o proxecto cunha primeira etapa de orientación personalizada. Tomaron parte no programa 64 estudantes que aceptaron o compromiso de participación e 75 mentores.

Programa de Formación para a Empregabilidade

Dentro do programa de formación para a empregabilidade son de destacar as seguintes actividades:

- Foro *MÓVETE_Espazo Europeo*: Trátase dunha xornada que se vén desenvolvendo na USC desde hai varios cursos, sempre organizada pola Área de Orientación Laboral do campus de Santiago, coa novidade de que nesta ocasión se organizou conxuntamente coa Deputación da Coruña.
- Obradoiros: *Prepara un currículum eficaz*
- Xornadas: Programas de Prácticas para a iniciación profesional.
- Taller de selección por Competencias.
- Xornadas de orientación laboral: *¿Y ahora qué?* (Que atributos buscan as empresas nos candidatos/as?. Cómo afrontar con seguridade os primeiros procesos de selección?).
- Xornada *As oportunidades do Emprego Público*.
- Elaboración do *BIP*, boletín mensual no que se recolle información sobre convocatorias, ofertas de emprego, formación, novas de interese e outro material de apoio para difusión da información profesional e para a busca de emprego.
- Apertura dun perfil na rede social twitter, e mantemento do xa aberto en facebook.
- Programa dirixido á realización de prácticas de alumnado con discapacidade en empresas para favorecer a súa empregabilidade.

Axudas e Servizos ao Alumnado

No ámbito das axudas e servizos ao alumnado leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Bolsas da convocatoria xeral do MEC do curso 2017-2018 (2º semestre) e do 2018-2019 (1º semestre). No mes de xuño rematouse a xestión das bolsas de colaboración 2017-2018, coa solicitude aos

departamentos das confirmacións da prestación da colaboración. No segundo semestre iniciouse o procedemento para convocatoria e asignación das bolsas de colaboración 2018-2019, no que se incluíu a transmisión de propostas de altas.

- Bolsas e compensacións doutras convocatorias como, por exemplo, as da convocatoria xeral do Goberno Vasco, IV Ciclo, etc.

- Oferta de prazas para o Sistema Universitario de Residencias, que incluíu 1.071 prazas, para as que se achegaron 2.250 solicitudes. Pola súa banda no 2018 as xestións orientadas ao aloxamento de congresos (36) supuxeron o movemento de 1.699 prazas, cun total de 3.038 noites.

- Cabe destacar que no segundo semestre do 2018 se desenvolveron as seguintes accións de mellora:

Publicación na web da convocatoria e habilitación dun formulario para a solicitude on-line, en colaboración coa ATIC.

Mellora no tratamento e monitorización das solicitudes.

- Subvención de prezos públicos de matrícula en titulacións do SUG.

- Convocatoria e seguimento da asignación de prazas na Escola Infantil Breogán no curso 2018-2019. Esta actividade está enmarcada nas competencias da Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos.

Feira de Innovación

No mes de novembro tivo lugar na Cidade da Cultura a celebración da *I Feira de Innovación USC-Abanca* coa misión de crear un foro onde a USC puidese amosar a súa oferta e capacidade nos seus tres pilares: docencia, investigación e transferencia. Foi moi numeroso o persoal da USC que participou de xeito activo nas diferentes actividades programadas na feira: foros de debate, charlas temáticas, presentación das titulacións, spin-off, etc. O número de asistentes, maioritariamente do ensino secundario, foi de 2.284 nos dous días que durou a Feira. Asemade, o impacto nas redes sociais foi notable, pois chegou a ter máis de millón e medio de impresións.

GRÁFICO 2/ Feira de Innovación. Datos



ASISTENTES

Martes 27 ASISTENCIA TOTAL **786**

FRANJA HORARIA

DE 10:00 A 14:00 H.	DE 14:00 A 18:00 H.
628 asistentes	158 asistentes

Miércoles 28 ASISTENCIA TOTAL **1.498**

FRANJA HORARIA

DE 10:00 A 14:00 H.	DE 14:00 A 18:00 H.
1.028 asistentes	470 asistentes

ASISTENCIA TOTAL 2.284



REDES SOCIALES

TWEETS TOTAIS 426

TWEETS ORIXINAIS (NON RT) 131 **Nº DE USUARIOS DISTINTOS 140**

173.384 ALCANCE POTENCIAL

IMPRESIÓNS 1,567.845

2.2/ PROFESORADO

A USC tiña no seu cadro de persoal, a 31/12/2018, 1.492 profesores/as con carácter permanente en activo, dos cales 302 (20,1%) correspondían á categoría de Profesor/a Contratado Doutor (PCD), 890 (59,7%) á categoría de Titular de Universidade (TU) e 300 (20,2%) á categoría de Catedrático/a de Universidade (CU).

En canto á perspectiva de xénero, o número total de profesoras era de 636 (42,6%). A distribución desta cifra ten un carácter piramidal, cunha redución progresiva desta porcentaxe a medida que se ascende no nivel, ata chegar a un notorio desequilibrio no corpo de Catedrático/a de Universidade, no que soamente o 24% son mulleres. Esta situación é semellante á que existe no resto de universidades españolas.

Outra das características do sistema universitario español é a elevada idade na que se acada a estabilización, un indicador no que, por mor da crise, aínda se fixo moito máis notoria a diferenza con respecto á media das universidades europeas. A situación na USC atópase no rango superior cuns datos realmente alarmantes: 60,1, 56,5 e 47,6 anos de media para as categorías de CU, TU e PCD, respectivamente.

Ao analizar a situación do profesorado en función da gran área de coñecemento á que pertencen atopámonos con tres arquetipos en canto á súa significación porcentual no cadro de persoal:

1. As áreas de Ciencias Experimentais e Ciencias Sociais e Xurídicas contribúen aproximadamente nun 30% ao cadro de persoal.
2. As áreas de Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde sitúanse nun rango do 15-20%.
3. A área que representa un número menor no cadro de persoal corresponde a Enxeñaría e Arquitectura, cunha porcentaxe de arredor do 10%.

Desta diagnose pódese concluir que a USC se atopa diante dunha situación difícil e, polo tanto, que un dos seus grandes retos para os vindeiros anos que se podería resumir en Renovación do persoal, Redución da precariedade e Relanzamento da promoción.

Polo que se refire ás actuacións en materia de profesorado desenvolvidas ao longo de 2018, cómpre salientar un conxunto de medidas, cun importe estimado de 1.855.800 €, aprobadas no Consello de Goberno celebrado o día 20 de marzo de 2018 con vistas á planificación

do curso 2018/2019. Entre estas medidas paga a pena singularizar as seguintes:

- Creación de 65 prazas de profesorado contratado non permanente:
 - 16 prazas de Profesorado Axudante Doutor
 - 33 prazas de Profesorado Asociado e PACS
 - 16 prazas de Profesorado Interino de Substitución
- Creación de 49 prazas de profesorado permanente:
 - 15 prazas de Profesorado Contratado Doutor (10 para posibilitar a estabilización de Profesorado Interino de Vacante e 5 para estabilización de investigadores egresados do programa Ramón y Cajal).
 - 15 prazas de Profesorado Titular de Universidade (para posibilitar a promoción de Profesorado Contratado Doutor)
 - 4 prazas de Profesorado Titular con vinculación asistencial (aplicación do convenio suscrito co SERGAS para a dotación de prazas de profesorado permanente con vinculación asistencial)
 - 15 prazas de Catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna
- Prórrogas de profesorado contratado non permanente:
 - 320 prórrogas de Profesorado Asociado, PACS e Lectores
 - 23 prórrogas de Profesorado Axudante Doutor
- Reposición de vacantes de Profesorado Asociado, PACS e Lectores: 78
- Integracións de Profesorado Titular de Escola Universitaria no corpo de Profesor/a Titular de Universidade: 1
- Licenzas por permiso sabático: 16
- Mobilidade intercampus: 1

Cómpre advertir, non obstante, que en Consellos de Goberno sucesivos foron acordadas algunhas outras actuacións puntuais, consistentes maioritariamente na contratación de profesorado interino de substitución para atender necesidades sobrevidas, así como tamén á reposición de profesorado asociado.




GRÁFICO 3/ Análise do profesorado permanente da USC [31/12/2018]

Paga a pena salientar tamén o proceso de asignación de prazas de catedrático de Universidade a áreas de coñecemento, que se iniciou coa aprobación no Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 dun novo Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade a áreas de coñecemento, e culminou coa resolución da convocatoria pública de asignación mediante acordo do Consello de Goberno do 28 de setembro.

Os concursos correspondentes a todas estas actuacións en materia de profesorado desenvolvéronse ao longo da segunda metade do ano. A inmensa maioría dos concursos de profesorado non permanente quedaron resoltos ao longo do mes de xullo, de xeito que os contratos correspondentes puideron asinarse antes do inicio do curso 2018/2019. Pola contra, os concursos correspondentes a prazas de profesorado con vinculación permanente non puideron convocarse ata despois da publicación, tras a súa preceptiva autorización por parte da Consellería de Facenda, da Resolución Reitoral do 8 de agosto pola que se publica a Oferta de Emprego Público de persoal docente e investigador para o ano 2018 (DOG do 21 de agosto de 2018). Os concursos celebráronse entre o mes de decembro e os primeiros meses de 2019.

- ARTES & HUMANIDADES
- CIENCIAS SOCIAIS & XURÍDICAS
- CIENCIAS EXPERIMENTAIS
- ENXEÑARÍA & ARQUITECTURA
- CIENCIAS DA SAÚDE




GRÁFICO 4/ Distribución do profesorado por grandes áreas

Outros datos relevantes relativos ao profesorado son os quinquenios de docencia, aprobados en Consello de Goberno do 10 de xullo, que se distribuíron do seguinte xeito:

- Profesorado Colaborador: 4
- Profesorado Contratado Doutor: 87
- Profesorado Titular de Escola Universitaria: 11
- Profesorado Titular de Universidade: 141
- Catedráticos/as de Universidade: 15

Polo que se refire ás resolucións das convocatorias de sexenios, en 2018 resolvéronse as correspondentes á convocatoria de 2017, co seguinte resultado:

- Profesorado funcionario: 128
- Profesorado Contratado Doutor: 32

Tamén no Consello de Goberno do 10 de xullo foron prorrogados 22 nomeamentos de Profesorado Emérito e aprobados 6 novos nomeamentos.

No tocante á programación de actividades para a mellora das competencias docentes do profesorado, dentro do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID), durante o ano 2018 desenvóléronse 78 accións de formación, cun total de 1.268 persoas matriculadas. As temáticas destas accións foron as seguintes:

TEMÁTICA	Nº DE ACCIÓNS
Tecnoloxías da Información e Comunicación aplicadas á docencia	35
Estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliación	8
Investigación	23
Desenvolvemento profesional (PRL, linguas, protección de datos, propiedade intelectual, etc.)	12

TÁBOA 3/ Programas de formación e innovación docente

Asemade, dende o PFID xestionouse o recoñecemento de 28 actividades de formación, realizadas a iniciativa dos centros, departamentos ou grupos de innovación docente, cunha participación de 544 docentes.

O número de Diplomas de Docencia Universitaria emitidos foi de 20. Este diploma emítese por solicitude da persoa interesada, cando reúna o requisito de ter realizadas 100 horas de formación, correspondentes aos cursos do PFID.

Entre os proxectos de innovación docente cabe salientar

- *III Convocatoria de proxectos de innovación educativa en ApS.* Con carácter anual abriuse unha convocatoria destinada ao deseño, implementación e recoñecemento de iniciativas innovadoras na metodoloxía de aprendizaxe-servizo, en torno a dúas modalidades:

	MODALIDADE A Proxectos emerxentes	Modalidade B Proxectos consolidados
Nº de proxectos presentados	12	12
Nº de proxectos concedidos	9	10

- *I Convocatoria de proxectos de innovación educativa en cursos en liña abertos masivos (MOOC) e de apoio das TIC á docencia.* Convocada para o curso 2017-2018, os proxectos desenvóléronse durante o ano 2018.

	Nº de proxectos presentados	Nº de proxectos concedidos
Modalidade A. MOOC	3	3
Modalidade B. Creación de materiais audiovisuais en formato "pílulas de coñecemento"	16	10
Modalidade C. ADesenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual	9	7
TOTAL	28	20

Como resultado final dos proxectos en formato audiovisual (Modalidade B), realizáronse 21 vídeos formativos dunha duración media de 8 minutos. Estes materiais están aloxados no repositorio audiovisual da USC (USC-TV) desde onde os docentes poden vincularlos ás súas aulas virtuais ou publicalos en aberto.

2.3/ PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A USC tiña, a 31/12/2018, 1.223 efectivos no seu cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS), dos que un 56,3% son mulleres. A súa idade media supera os 51 anos, o que determina, de forma análoga ao que sucede co profesorado, a necesidade de enfrontar a súa renovación nos próximos anos.

Planificación

En relación co PAS, durante o ano 2018 leváronse a cabo procesos de selección de persoal para un total de 28 prazas en execución de ofertas de emprego de anos anteriores, quedando en trámite outras 7 prazas que se proveron no 2019.

- *Procesos concluídos* (nº de prazas)
 - PAS funcionario: 27
 - PAS laboral fixo: 1
 - Concurso permanente PAS laboral (2 convocatorias): 78 postos ofertados e 9 movementos realizados
- *Procesos pendentes* (nº prazas)
 - PAS funcionario: 7

En decembro aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2018, na que destaca o apartado da esta-

bilización, cun total de 141 prazas, ás que se suman as 22 prazas posibles de conformidade coa taxa de reposición aplicable.

Asemade, leváronse a cabo as seguintes outras accións: (i) publicáronse dúas convocatorias que procedían da oferta de emprego do ano 2015 cun total de 4 prazas; (ii) levouse a cabo un proceso para a elaboración dunha listaxe de agarda para o subgrupo A1 da escala técnica superior de administración que permitiu a cobertura de 4 prazas sen ocupación por diversas causas e que producían importantes distorsións nas unidades administrativas ás que pertencen; (iii) púxose en marcha un novo procedemento de provisión por comisión de servizos.

Formación

En relación coa formación do Persoal de Administración e Servizos, acordouse un novo Regulamento de xestión do Programa de Formación de PAS aprobado no Consello de Goberno do 20 de decembro.

Así mesmo, durante o ano 2018, realizáronse numerosas accións formativas, tanto internas como externas e tamén ao abeiro do convenio entre a Escola Galega de Administración Pública e as tres universidades galegas, todas elas orientadas a mellorar e actualizar o nivel de formación do persoal deste colectivo.

Polo que se refire ás accións formativas internas, cabe salientar os seguintes datos:

- Celebráronse 79 cursos, cun total de 1158 asistentes, dos que 1032 obtiveron diploma acreditativo de asistencia ou aproveitamento, o que supón ao redor dun 90% dos seleccionados.
- O número de persoas que participaron polo menos nunha das actividades formativas é de 653, o que supón un 53% do cadro de persoal.

	NÚMERO	PORCENTAXE	IDADE MEDIA
MULLERES	689	56,34%	51,15
HOMES	534	43,66%	51,66
TOTAL	1223		51,38

TÁBOA 4/ PAS. Efectivos a 31/12/2018 segmentados por sexo e idade media.

FONTE: base de datos de recursos humanos proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación. Inclúe todos os efectivos a 31/12/2018 (titulares, substitucións, relevistas, etc.) en situación de servizo activo.

SUBGRUPO/ GRUPO	ESCALA/CATEGORÍA	TOTAL
A1	Escala técnica superior de administración da USC	7
A2	Escala de xestión da USC	3
C1	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos	7
C2	Escala auxiliar da USC	89
I	Analista Informático	1
II	Enxeñeiro técnico industrial	1
III	Técnico de investigación, área Bioloxía-Saúde	8
	Técnico de investigación, área Química-Física	5
	Técnico especialista de investigación, esp. Química	1
	Técnico de instalación	1
	Oficial de servizos	15
IV.1	Especialista de oficios (xardineiro)	1
	Socorrista	2
		141

TÁBOA 5/ OPE PAS 2018. Estabilización

SUBGRUPO/ GRUPO	ESCALA/CATEGORÍA	TOTAL
A2	Escala de xestión da USC	5
A1	Escala facultativo de arquivos, bibliotecas e museos da USC	3
A2	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos; esp. Biblioteca	5
I	Técnico especialista de informática, esp. Administración de sistemas	1
III	Técnico especialista de investigación, esp. Bioloxía	1
IV	Oficial de Servizos	5
	Condutor	2
		22

TÁBOA 6/ OPE PAS 2018. Xeral

- Realizáronse 52 actividades pertencentes á área de formación operativa, que abrangueron temáticas como Bibliotecas, Informática, Infraestruturas, Lexislación, Linguas Estranxeiras, Economía, Recursos Humanos, Calidade, Novas Tecnoloxías e Comunicación.

- A través da convocatoria do CLM financiáronse 56 matrículas para realizar cursos de idiomas (francés, inglés, alemán, portugués e italiano). En 46 casos as persoas matriculadas acadaron un diploma de aptitude.

- Organizáronse 12 cursos vinculados aos aspectos de seguridade e saúde, que supuxeron un total de 51 horas de formación. As persoas que asistiron a eles acadaron 52 títulos de asistencia e 132 de aptitude.

- Na área directiva organizáronse 2 cursos, 1 en cada campus, que supuxeron 20 horas de formación. A demanda ascendeu a 50 solicitantes, dos que se admitiu a 39, que acadaron 34 diplomas de aptitude. A taxa de superación nesta área ascende a 87.1%.

Entre as accións formativas externas pódese destacar os seguintes datos:

- Concedéronse 27 axudas para asistir a actividades de formación externa. Grazas a elas, o PAS da Universidade asistiu a 13 eventos formativos (cursos, xornadas, encontros, etc.).

- Celebráronse dúas actividades ao abeiro do Convenio coa Escola Galega de Administración Pública:

- Actividades de teleformación e/ou presenciais: 529 diplomas de aptitude para persoal da USC en 40 accións formativas diferentes.

- Actividades de autoformación: 198 diplomas de aptitude para persoal da USC, a través de 36 accións formativas diferentes.

Condicións de traballo

No que respecta ás condicións de traballo acordáronse varias medidas entre as que destaca especialmente a recuperación da xornada de 35 horas, posible logo de que a Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2018 o contemplase entre as súas disposicións. Esta medida, que afecta a todo o persoal (docente, de administración e servizos e o persoal contratado con financiamento de actividades de I+D

e estudos propios), completouse coa recuperación do 100% do complemento que percibe o persoal en situación de incapacidade temporal e coa regulación do devengo de retribucións nestas situacións.

Tamén para o persoal docente e para o persoal de administración e servizos, aprobouse a incorporación progresiva despois de tratamentos oncolóxicos no primeiro Consello de Goberno do 2019, negociada coas mesas de PAS e PDI en decembro de 2018.

En relación só co persoal de Administración e Servizos, destacan especialmente as negociacións para a introdución de medidas de conciliación laboral e familiar mediante a xornada flexible. Así mesmo, acordouse a posta en marcha dun programa experimental de teletraballo en dúas unidades administrativas. Ambas as dúas medidas foron traballadas durante o segundo semestre de 2018 e, xunto coa implantación dun sistema de rexistro da xornada laboral, permitiron a súa posta en marcha a principios do 2019.

Por último, en relación só co colectivo funcionario do PAS, o 20 de setembro de 2018 acordouse a integración do complemento de produtividade no complemento específico. Isto supón a consolidación dunha contía que non se estaba percibindo con base en criterios de produtividade ligados a unha avaliación do rendemento de xeito diferenciado, tal e como se establecera no acordo para a equiparación retributiva de 2007.

TITULACIÓNS

Durante o primeiro semestre do ano 2018 finalizouse a tramitación de novas titulacións de grao e mestrado, de forma que a oferta de titulacións oficiais para o curso 2018-19 quedou configurada do xeito seguinte:

3.1/ GRAOS E MESTRADOS

A oferta de titulacións de grao e mestrado no curso 2017-18 figura no seguinte cadro organizada por ramas de coñecemento:

RAMA DE COÑECEMENTO	GRAO	MESTRADO
Artes e humanidades	9	12
Ciencias	4	8
Ciencias da Saúde	8	13
Ciencias Sociais e Xurídica	14	24
Enxeñaría e Arquitectura	7	9
TOTAL	42	66

TÁBOA 7/ Oferta de titulacións por ramas de coñecemento. 2017/2018

Esta distribución refírese a titulacións únicas, xa que tanto en grao coma no mestrado hai titulacións que se imparten simultaneamente nos campus de Santiago de Compostela e Lugo:

- Graos que se imparten nos dous campus: Administración e Dirección de Empresas; Enfermaría; Mestre Ed. Infantil; Mestre Ed. Primaria; Relacións Laborais e RRHH; Lingua e Literatura Españolas.
- Mestrados que se imparten nos dous campus: Avogacía, Dirección de Empresas, Profesorado.

RAMA DE COÑECEMENTO	GRAO	MESTRADO
Artes e humanidades	8	11
Ciencias	5	9
Ciencias da Saúde	8	11
Ciencias Sociais e Xurídica	15	20
Enxeñaría e Arquitectura	7	13
TOTAL	44	64

TÁBOA 8/ Oferta de titulacións por ramas de coñecemento. 2018/2019

Como datos salientables pódese citar:

- Retirouse da oferta o Grao en Xeomática e Topografía
- Implantáronse os graos en Biotecnoloxía, Criminoloxía e Paisaxe (este último con carácter interuniversitario en colaboración coa Universidade de A Coruña)
- Implantáronse os mestrados universitarios en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión; Computación de Altas Prestacións; Economía; Enerxías Renovables, Cambio Climático e Sustentabilidade Enerxética; Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria; Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados; Optometría; Xenómica e Xenética; Xeoinformática.

Polo que se refire á demanda rexistrada para iniciar estudos nas titulacións de grao implantadas na USC, na seguinte táboa pode verse a relación entre as prazas ofertadas e a matrícula efectiva

CAMPUS	NOME	PRAZAS 1º	INICIA ESTUDOS	%
Lugo	Grao en Enfermaría	68	70	102,94%
	Grao en Nutrición Humana e Dietética	60	50	83,33%
	Grao en Veterinaria	110	112	101,82%
	Grao en Administración e Dirección de Empresas	90	46	51,11%
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	57	35	61,40%
	Grao en Mestre de Educación Infantil	82	89	108,54%
	Grao en Mestre de Educación Primaria	82	99	120,73%
	Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	45	3	6,67%
	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	50	25	50,00%
	Grao en Enxeñaría Civil	45	8	17,78%
	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	45	12	26,67%
	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	45	21	46,67%
	Grao en Paisaxe	50	17	34,00%
	Grao en Lingua e Literatura Españolas	45	7	15,56%
	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	65	15	23,08%
	Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	10	12	120,00%
	Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria	16	20	125,00%
Santiago	Grao en Matemáticas	100	99	99,00%
	Grao en Bioloxía	100	99	99,00%
	Grao en Física	90	91	101,11%
	Grao en Química	100	102	102,00%
	Grao en Biotecnoloxía	50	51	102,00%
	Grao en Psicoloxía	140	141	100,71%
	Grao en Enfermaría	150	152	101,33%
	Grao en Óptica e Optometría	55	55	100,00%
	Grao en Medicina	360	328	91,11%
	Grao en Odontoloxía	50	47	94,00%
	Grao en Farmacia	195	194	99,49%
	Grao en Ciencia Política e da Administración	125	117	93,60%
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	90	107	118,89%

Grao en Xornalismo	75	74	98,67%
Grao en Comunicación Audiovisual	50	50	100,00%
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	55	33	60,00%
Grao en Economía	150	148	98,67%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	200	197	98,50%
Grao en Pedagogía	68	67	98,53%
Grao en Educación Social	68	68	100,00%
Grao en Mestre de Educación Infantil	61	60	98,36%
Grao en Mestre de Educación Primaria	112	126	112,50%
Grao en Dereito	170	164	96,47%
Grao en Traballo Social	80	88	110,00%
Grao en Criminoloxía	50	100	200,00%
Grao en Enxeñaría Informática	60	60	100,00%
Grao en Enxeñaría Química	60	62	103,33%
Grao en Historia da Arte	90	96	106,67%
Grao en Historia	100	104	104,00%
Grao en Filosofía	65	71	109,23%
Grao en Lingua e Literatura Españolas	50	56	112,00%
Grao en Lingua e literatura galegas	50	46	92,00%
Grao en Lingua e Literatura inglesas	100	99	99,00%
Grao en Filoloxía Clásica	50	27	54,00%
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	75	77	102,67%
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	20	20	100,00%
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	10	12	120,00%
Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas	10	10	100,00%
Dobre Grao en Matemáticas e en Física	10	9	90,00%
Dobre Grao en Química e en Bioloxía	20	18	90,00%
Dobre Grao en Física e en Química	10	10	100,00%
Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria	16	17	106,25%
Dobre grao en Farmacia e en Óptica e Optometría	10	10	100,00%
Total xeral	4.515	4.203	93,09%

TÁBOA 9/ Cobertura de prazas de inicio de estudos en titulación de grao

Prácticas en empresa

O número de convenios para a realización de prácticas en empresas no ano 2018 foi de 584. Na seguinte táboa pode verse con detalle os convenios existentes en función do seu ámbito de aplicación.

TIPO TITULACIÓN	ANO 2018
Grao	219
Mestrado	97
Grao / Mestrado	118
Por proposta do Consello Social	127
Todas as titulacións da USC	22
Varias titulacións USC	1
TOTAIS	584

TÁBOA 10/ Convenios para a realización de prácticas en empresas

3.2/ DOUTORAMENTO

A USC ofertou 56 programas de doutoramento dos cales 24 son interuniversitarios; 5 internacionais, entre os que cabe destacar un Erasmus Mundus e un conxunto europeo Marie Sklodowska-Curie. Dos restantes interuniversitarios a USC é a universidade coordinadora en 14 deles.

Con data de 31 de decembro de 2018, a USC tiña matriculados 2.630 doutorandos, correspondentes á primeira convocatoria de matrícula do curso 2018/19. Destes, máis dun 23% son estranxeiros. Polo demais, a porcentaxe de doutorandos que iniciaron os seus estudos neste ano é dun 15%.

Ao longo de 2018 defendéronse un total de 231 teses de doutoramento das que un 38% obtiveron a mención de doutoramento internacional.

Entre as diversas xestións levadas polo Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC cómpre destacar:

- O apoio ás catro Escolas de Doutoramento da USC e aos seus órganos colexiados, que se reúnen de media, cada unha delas, dúas veces por mes.
- A asistencia e representación da USC na Confederación de Escolas de Doutoramento que se

reuniu na Universidade Autónoma de Madrid co ánimo de xuntar recursos e unificar criterios de calidade nos estudos de doutoramento por parte de todas as Escolas do Sistema Universitario español.

- A posta en común a nivel do SUG de criterios e normativas no relativo ao doutoramento.
- A coordinación da convocatoria de premios extraordinarios; no ano 2018 resolveuse a correspondente ás teses defendidas no curso académico 2015/16 e púxose en marcha a do curso 2016/17.
- A xestión a través de Xescampus dos cursos formativos de doutoramento de carácter transversal propostos polas Escolas e o CIEDUS, e dos cursos específicos dos programas de doutoramento que tiñan máis de 10 horas lectivas. Ofertáronse un total de 48 actividades.
- A coordinación do VII Encontro da Mocidade Investigadora, que é unha actividade levada a cabo polos propios doutorandos. Neste ano dividiuse en tres encontros segundo as seguintes áreas: Ciencias e Enxeñaría, Saúde e a correspondente á área de Artes e Humanidades, e Ciencias Sociais e Xurídicas.

3.3/ ESTUDOS PROPIOS

Durante o ano 2018 impartíronse un total de 134 cursos, dos que 36 foron estudos de mestrado propio, 19 de cursos de especialización e 79 estudos de formación continua (nas modalidades de experto, perfeccionamento ou básico). No desenvolvemento destes cursos participaron 523 profesores da USC e 1.183 profesores externos ou profesionais relacionados coas temáticas tratadas. Canto ao número de estudantes inscritos, a cifra total sitúase en 1.870 persoas, das que 1.083 foron mulleres e 787 homes.

Cómpre salientar que a finais do ano 2018 se puxo en marcha un programa de cursos de formación específica e a demanda, co fin de dar resposta a peticións de entidades externas que precisan de formación especializada que se pode proporcionar desde o ámbito da Universidade. Para iso, promoveuse unha reforma do Regulamento de Estudos Propios, que foi aprobada no Consello de Goberno celebrado o 20 de decembro de 2018.

A distribución por grandes áreas de coñecemento dos cursos propios en 2018 foi a seguinte: 6 na de Artes e

Humanidades; 21 na de Ciencias; 50 na de Ciencias da Saúde e 57 na de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Para posibilitar o desenvolvemento de determinados cursos subscribíronse 21 convenios de colaboración con diferentes entidades externas ou organismos públicos e 50 convenios de cooperación para a realización de prácticas (tanto obrigatorias coma de carácter optativo) en entidades externas ou empresas. Completaron a súa formación a través destas prácticas 77 alumnos deses cursos.

3.4/ IV CICLO

O Diploma Senior en IV Ciclo é o nivel que acadan os alumnos que comezan o plan de estudos posto en marcha 5 de xullo de 2016. O día 1 de outubro iniciáronse as clases no campus de Santiago e no campus de Lugo cun total de 392 persoas inscritas.

Por outra banda, no primeiro semestre de 2018 púxose en marcha o proxecto *Camiños do coñecemento e experiencia*, que rexistrou un total de 251 persoas inscritas.

CURSO	Nº ALUMNOS	
	Campus de Santiago	Campus de Lugo
1º	26	16
2º	23	11
3º	19	16
4º	13	6
Alumnado matriculado en materias soltas	111	105
TOTAL	192	154

TÁBOA 11/ Alumnado matriculado no IV Ciclo. 2018

COMARCAS	CONCELLOS	Nº DE ALUMNOS			
		HOMES	MULLERES	TOTAL	
BARBANZA	Ribeira	13	37	50	
	Pobra do Caramiñal	4	17	21	
	Rianxo	6	9	15	
MUROS-NOIA	Serra de Outes	1	25	26	
	Muros	5	12	17	
ORDES	Ordes	3	21	24	
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Teo	6	12	18	
TERRAS DA ULLOÁ	Arzúa	4	16	20	
	O Pino	7	6	13	
COMARCA DE TABELRÓS	A Estrada	8	27	35	
COMARCA DA SERRA DO CAUREL	Folgo do Caurel			12	
TOTAL	7	15	69	182	251

TÁBOA 12/ Proxecto Camiños de coñecemento e experiencia

INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

4.1/ XESTIÓN E VALORIZACIÓN DE I+D+I

Axudas Directas á Xestión de Investigación

No programa de Axudas á Produción Científica, no ano 2018 distribuíronse 275.000 € entre os Departamentos e Institutos da Universidade en concepto de promoción da investigación. Asignáronse tamén 100.000€ ao contrato programa dos centros singulares de investigación.

No marco deste proceso valoráronse máis de 5.500 items (artigos, libros, teses...), e máis concretamente 1.707 artigos JCR, o que implica o mantemento da media de produción científica anual. Este feito ten unha relevancia especial se temos en conta a situación de estrangulamento económico en que se atopa un gran número de grupos de investigación no contexto actual.

Complementariamente, convocáronse diversas axudas específicas para apoiar o desenvolvemento da actividade investigadora, que supuxo a financiación de 127 axudas por un importe de 19.000 €. Entre estas axudas cabe destacar as seguintes:

- Axudas dirixidas a financiar accións promovidas por grupos de investigación que non tiveran axudas de grupo activas no 2018.
- Axudas para mellorar a publicación en aberto, promovendo a presenza da universidade nos rankings internacionais
- Axudas dirixidas aos grupos de investigación de Campus Terra e Campus da Cidadanía.
- Axudas dirixidas a mellorar a mobilidade dos doutorandos, investigadores e profesores do Campus

da Cidadanía fóra do sistema universitario galego e promover estadias de investigadores visitantes estranxeiros.

Por outra banda, a Secretaría Xeral de Universidades mantivo vixente no 2018 dous convenios de apoio a acción de I+D:

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional coas universidades do SUG para o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación (2016-2018), que prevía unha dotación de 696.000 € para a USC ao longo de 2018, coa seguinte distribución:

- Persoal técnico de apoio á Investigación (291.268 €). Persoal en formación asociado ao CEBEGA, RIAIDT, ORE, OIT, Estacións, Museo...
- Promoción dos servizos de patentes e valorización (39.203 €). Gastos de protección e extensión de patentes.
- Apoio á prestacións dos servizos xerais (360.231 €): pequeno equipamento, servizos de mantemento, materiais de animalarios...

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D relacionadas cos campus de especialización, que recolle unha dotación para a USC de 2.679,312 €, destinados fundamentalmente ás seguintes actuacións:

- Mellora e ampliación das capacidades do servizo de microscopía electrónica (1.464.800 €).
- Área de simulación médica avanzada (250.000 €).



- Internacionalización. Actividades formativas para investidores. Mapa de infraestructuras e servizos de I+D+i (100.000€).
- Centros Singulares e IGFAE. Programas de comunicación e divulgación. Bolsas de Verán. (100.000€).
- Plan de Acción 2018 do Campus Terra (744.512€).
- Accións Transversais: Plan de reformulación de institutos; Selo de Excelencia HRS4R (20.000€).

Recursos de investigación captados en investigación

Tocante aos recursos para a investigación captados en diversas convocatorias, cabe salientarse os seguintes logros:

- Convocatorias competitivas para a contratación e formación de investigadores. A USC incorporou no curso pasado 198 investigadores nas diferentes categorías de investigadores predoutorais, postdoutorais e persoal de apoio. Con estas novas contratacións, no ano 2018 a USC mantivo incorporados no marco das súas actividades de investigación a 557 investigadores financiados por programas competitivos, e 1.047 máis como investigadores, técnicos e persoal de apoio, contratados directamente por proxectos e contratos de I+D.
- A Axencia Estatal de Investigación concedeu, 27 axudas para contratos predoutorais para a formación de doutores (antigas FPI) e 27 correspondentes a formación de profesorado universitario (FPU).

- No marco do programa Ramón y Cajal a USC incorporou 6 novos investigadores correspondentes á convocatoria 2016. Asemade, tamén se acadaron 6 contratos na modalidade de axudas Juan de la Cierva-Formación e 6 contratos na modalidade de axudas Juan de la Cierva-Incorporación.

- En canto a axudas autonómicas e no marco das convocatorias do 2018 de programas de incorporación de investigadores ao sistema público de I+D galego, obtivéronse 37 contratos para investigadores postdoutorais e 59 para xoves investigadores en formación ou predoutorais.

- En canto a axudas internacionais, e no eido do programa “Marie Skłodowska-Curie Actions Individual Fellowships” de Horizon 2020, obtivéronse 2 contratos para investigadores postdoutorais.

- Convocatorias competitivas para proxectos de investigación. No marco das convocatorias xestionadas no período, diversos organismos e institucións financiaron 200 proxectos de investigación presentados por investigadores da nosa universidade, por un importe global de 28,90 millóns de euros.

- Programa nacionais. Durante o exercicio de 2018 mantiveron financiamento un total de 103 proxectos de diferentes programas do plan estatal por un importe de 8,59 millóns de €, que corresponden maioritariamente á convocatoria do 2017 e que foron adxudicados no 2018.

- Programas autonómicos. Obtiveron financiamento 75 actividades por un importe de 13,06 millóns de euros, no marco fundamentalmente das convocatorias do 2018 das Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento. Cómpre sinalar, pola súa significación, que dentro da convocatoria 2018 do programa de consolidación de unidades de I+D do SUG pertencen á USC o 57% dos grupos de referencia do SUG e o 60% dos grupos de potencial crecemento.

- Axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de Agrupacións Estratégicas do SUG. No exercicio de 2018 a USC acadou dúas das catro axudas concedidas para a creación de novas agrupacións estratégicas de investigación (BIOREDES e AEMAT) e unha das tres concedidas para a mellora de

agrupacións xa recoñecidas (CRETUS). No marco deste programa hai que reseñar o importante traballo realizado polos grupos de investigación asociados ao Campus da Cidadanía, que traballaron colectivamente na definición de cadansúa agrupación en *Humanidades Dixitais*, *Bioeconomía e Territorio e Innovación Social e Benestar*. Estas propostas, por máis que non fosen seleccionadas, están a contribuír significativamente no necesario proceso de especialización investigadora que debe liderar este Campus.

- Axudas para a creación de Unidades Mixtas. En relación a este programa, posto en marcha por GAIN para promover a constitución de Unidades Mixtas de colaboración estratéxica en I+D con empresas, paga a pena destacar que dentro da convocatoria de 2018 a USC obtivo financiamento para a creación dunha Unidade mixta coa FINANCIERA MADERERA, S.A. para investigación no eido da *Economía circular da madeira cara a unha construción baixo-enerxética*.

- Proxectos Internacionais. No ano 2018 foron aprobados 13 proxectos internacionais por un importe de 5,36 millóns de euros no marco de Horizonte 2020 e outros programas internacionais. Neste marco de financiamento deben destacarse algúns aspectos como os seguintes:

- A USC continúa figurando entre as 15 entidades españolas con maior número de proxectos no eixo de *Ciencia Excelente* financiado polo ERC. No 2018 incorporouse un proxecto Synergy Grant (CIMUS) e dous novos proxectos Starting Grant decidiron trasladar os seus proxectos ao CIQUS e ao CIMUS.

- Respecto do Programa H2020, durante o período 2017-2018 incrementouse o nivel de participación (medido en propostas presentadas) con valores medios anuais de 114. Cabe salientarse o incremento tamén no liderado de proxectos na modalidade de retos (13 dun total de 73), especialmente nos ámbitos de alimentación e nutrición, xestión forestal e servizos ecosistémicos, renacemento rural, produción animal, seguridade alimentaria e economía circular (topics SFS e RUR principalmente) así como nos *topics* CULT-COO, con catro propostas lideradas dun total de sete, que indica a promoción realizada nas áreas de humanidades.

- É de destacar, así mesmo, a mellora acadada na participación de empresas, fundamentalmente PEMES, como socios da USC en H2020. Un total de oito empresas españolas involucradas en cinco proxectos (1 MSCA-ITN, 1 MSCA-RISE e 3 Retos) reciben financiamento de H2020. Catro delas son empresas galegas ligadas aos ámbitos da acuicultura e tecnoloxía xenética en acuicultura, de biotecnoloxía e nanotecnoloxía. Polo demais, dúas son spin-offs da USC. A estas hai que sumar outras dúas empresas ubicadas en Galicia que participan noutras tantas accións MSCA-ITN como entidades onde o persoal en formación realizará estadias.

- A USC incorporouse ao Consorcio de infraestructuras de investigación europeas EU-OPENSREEN-ERIC, adicado á investigación en bioloxía química e desenvolvemento de fármacos, por estar recoñecida como *plataforma de altas capacidades en screening de produtos* a plataforma do Grupo BioFarma.

- Actividades de Contratos e Servizos de I+D+i, na que se obtivo un financiamento para fins de investigación de máis de 11,60 millóns de €. Esta facturación pode desglosarse en 4,85 millóns de € para o financiamento de actividades de I+D (126 actividades) e 6,74 millóns de € para a realización de actividades de asesoramento científico, servizos tecnolóxicos e formación especializada (1.126 actividades).

Plan de reformulación de Institutos de Investigación

No marco do Plan de reformulación de Institutos de Investigación, durante o ano 2018 os institutos recoñecidos como operativos polo Consello de Goberno de decembro de 2017 formalizaron os procesos determinados para o proceso de adaptación ao novo modelo, sinaladamente a elaboración e aprobación do novo regulamento de réxime interno, e a designación e nomeamento da comisión asesora externa. Ademais, nos casos do IDEGA, do ILG e dos Institutos de Acuicultura e de Matemáticas desenvóléronse os procesos de avaliación de investigadores que solicitaron a adscrición ao instituto reformulado. No primeiro trimestre de 2019 rematan o proceso o IGFAE, o Instituto de Ciencias Forenses, o IBADER, o Instituto de Investigación e Análise Alimentaria reconvertido a IAQUS e o Instituto de Investigacións Tecnolóxicas reconvertido a CRETUS.

4.2/ INFRAESTRUTURAS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

A Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) prestou diversos servizos de análise, asesoramento e desenvolvemento de procesos de investigación demandados polos usuarios:

- **Unidade de Experimentación Animal:** completáronse 308 solicitudes de entrega de animais e material de investigación relacionado cunha facturación total de 100.435 €.
- **Unidade de Resonancia Magnética:** cos equipos dispoñibles na RIAIDT rexistrouse un total de 13.351 horas de análise por resonancia magnética nuclear, resultando unha facturación final de 91.314 €.
- **Unidade de Espectroscopía de Masas e Proteómica:** establecéronse unha totalidade de 2.527 análises diversas, cun valor de facturación de 76.699 €.
- **Unidade de Análise Instrumental:** completáronse en torno a 5.800 análises e outras intervencións relacionadas coa unidade, cunha facturación total de 96.204 €.
- **Unidade de Raios X e de Arqueometría:** leváronse a cabo unhas 1.930 análises e determinacións estruturais, cunha facturación global de 42.911 €.
- **Unidade de Microscopía Electrónica e Confocal:** co equipamento desta unidade rexistrouse un total de 2.237 horas de uso, xerando unha facturación de 81.689 €.
- **Unidade de IR-Raman:** fixéronse 1.144 análises cun valor de facturación de 5.748 €.
- **Unidade de Crioxenia:** levouse a cabo reparto de nitróxeno líquido por valor de 53.292 €.
- **Unidade de Soprado de Vidro-Cuarzo científico:** fixéronse 1.196 intervencións técnicas por un valor de 39.353 €.
- **Unidade de Magnetosusceptibilidade:** realizáronse 52 análises cun valor de facturación de 4.986 €.

Todos estes traballos contribuíron a que no ano 2018 a facturación global da RIAIDT se aproximase aos **590.910 €**, unha cifra un 13,9 % superior á do ano 2017 (518.724 € facturados).

Por outra banda, ao longo de 2018 adquiriuse e instalouse o novo equipamento de investigación obtido a través de fondos públicos (Ministerio, Xunta ou FEDER):

- Instalouse un difractor de raios X de monocristal e un analizador por microfluorescencia de raios X por un valor de 529.000 €.
- Levouse a cabo a xestión do acondicionamento dun centro de procesado de datos no edificio CI-TIUS por un importe de 169.944 €.
- Realizáronse as xestións para a subministración e instalación de equipamento diverso na área experimental e plataformas asociadas do CEBEGA por un importe de aproximadamente 850.000 €.
- Instalouse un microscopio electrónico de transmisión de 200 kV na Unidade de microscopía electrónica e confocal.
- Levouse a cabo a reparación e actualización de microscopios electrónicos de transmisión e de varrido da Unidade de Microscopía Electrónica e Confocal.

Canto á participación en convocatorias públicas de obtención de axudas para a adquisición de infraestruturas científicas, a mediados de 2018 a RIAIDT coordinou a solicitude institucional da USC na convocatoria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades no Subprograma Estatal de Infraestruturas de Investigación e Equipamento Científico-Técnico. Esta solicitude institucional contiña 30 solicitudes de infraestruturas por un valor total de 9.315.294 €, das cales foron finalmente concedidas, a finais do 2018, 18 infraestruturas por un valor total de 5.775.002 €. O cofinanciamento do Ministerio será do 80 % do custo final de cada unha das infraestruturas, mentres que o 20 % restante obterase a través dun convenio acordado entre a USC coa Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional para o bienio 2019-2020.

Por outra banda, tocante ás actividades relacionadas coa implantación ou mantemento de sistemas de xestión de calidade, cabe salientarse os seguintes feitos:

- A mediados do 2018 superouse satisfactoriamente a primeira auditoría periódica da certificación baixo a norma UNE-EN-ISO 9001:20015 implantada no 2017 na Unidade de Raios X da RIAIDT.
- A finais do 2018, comezáronse os traballos para a obtención dunha certificación similar no resto das unidades científicas da RIAIDT.

4.3/ TRANSFERENCIA E EMPRENDIMENTO

No ámbito da transferencia e o emprendemento, cabe salientarse, en primeiro termo, que no ano 2018 se rexistraron 65 comunicacións de invención, o que supón un incremento considerable con respecto á media dos 6 anos anteriores (45).

O número de solicitudes de patentes prioritarias ascendeu a 29, o que supón a cifra máis alta dos últimos 7 anos, e moi por riba da media dos 6 anos anteriores (17).

A xestión de títulos de propiedade completouse coa solicitude de 41 extensións de patente máis alá do territorio español (extensións internacionais), e co rexistro de 12 novos programas informáticos.


O proceso de negociación e licenza de coñecemento xerado na I+D da USC, tamén acadou un bo resultado no 2018. Asináronse 47 acordos de transferencia, que inclúen 29 acordos de confidencialidade, 9 acordos de transferencia de material, 2 acordos de primeira opción e 7 acordos de licenza. O incremento no número total de acordos foi dun 15 % con respecto ao ano anterior.

Para estimular o proceso de transferencia, continuouse xestionando o programa “Acelerador de Transferencia”. Neste programa, promovido pola propia USC e soportado con fondos do convenio co Banco Santander, identificáronse 10 posibles proxectos de transferencia. Os 5 que cumprían os criterios de elixibilidade foron presentados ao comité de avaliación e 3 deles recibiron financiamento para mellorar a probabilidade de transferencia.

No programa de proba de concepto posto en marcha pola Axencia Galega de Innovación, dos 9 proxectos IGNICIA seleccionados na segunda fase en toda Galicia, 4 foron da USC.

A creación de empresas de base tecnolóxica, ou empresas baseadas no coñecemento é unha das ferramentas máis útiles para facer chegar ao mercado resultados de investigación. No ano 2018 identificáronse 6 novos proxectos empresariais e creáronse 2 novas spin-off da USC.

Outra vertente do emprendemento é o apoio ao desenvolvemento de plans de empresas promovidos por estudantes no que a USC sigue contando con programas propios como o ARGOS, que no ano 2018 deu lugar a 6 novos Plans de Empresa, con máis de 40



persoas inscritas. No programa Explorer (co patrocinio do Banco Santander) participaron 30 persoas no Campus de Santiago que deron lugar a 19 proxectos, e 23 participantes no Campus de Lugo que deron lugar a 13 proxectos.

Un dos fitos destacados no ecosistema de transferencia e emprendemento que constitúe o edificio Emprendia, foi a aprobación do proxecto “Incubadora de Alta Tecnología BioIncubaTech”. O proxecto presentouse á convocatoria “Incubadoras de alta tecnología para el fomento de la innovación y la transferencia de la tecnología a las micropymes”, da “Fundación Instituto Cameral para la Creación y Desarrollo de la Empresa” (Fundación INCYDE) e foi financiado con 1.487.927,02 euros de fondos FEDER.

BioIncubaTech é un proxecto que busca o “fomento de la innovación y transferencia de biotecnología nos ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias”. Está liderado pola USC e conta con UNINOVA e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, como socios.

No 2018 a USC pasou a ser o socio coordinador do proxecto POCTEP “Cluster Transfronterizo de Biotecnología”. O desenvolvemento das diferentes liñas de acción do proxecto permitiron a incorporación de “interim managers” en 3 empresas spin-off da USC, o desenvolvemento de 5 novos plans de empresa, e o asesoramento comercial e financeiro a 8 empresas xa constituídas. Tamén se participa no proxecto POCTEP “Creación de un Ecosistema Transfronterizo de Innovación en Salud” co acrónimo CodigoMais. En 2018 posibilitouse a mobilización de 9 proxectos de transferencia (2 deles da USC), elaborando un itinerario de valorización para levar resultados de I+D ao mercado. CodigoMais permitiu a persoal da USC coñecer o ecosistema de innovación en saúde “Medicon Valley” da rexión transfronteiriza Copenhague (Dinamarca) e Region Skane (Suecia).

4.4/ BIBLIOTECA

A Biblioteca Universitaria segue a ser un servizo esencial e transversal para o desenvolvemento das actividades universitarias.

Recursos

No que se refire aos recursos mantense o seu número, tanto dos propios coma dos consorciados, e tamén o

comportamento relativo ao seu uso: continúa o descenso moderado no uso de bases de datos e o incremento nas descargas de artigos e monografías.

Un ano mais continúa a tendencia de crecemento no número de solicitudes de recursos impresos por parte do PDI e do alumnado da USC. Trátase dun servizo que rexistrou un repunte a partir do establecemento da súa gratuidade á comunidade universitaria hai catro anos. A facilidade do procedemento de petición para o solicitante e a rapidez en servir o documento son os elementos máis valorados polo usuario.

Segue o descenso no número de préstamos a domicilio, unha tendencia que, por outra banda, é común ao resto das bibliotecas.

Recoñecemento dos cursos de competencias informacionais

No Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 aprobouse a modificación do acordo do devandito órgano de goberno de 12 de maio de 2017, no sentido de dar plena efectividade ao recoñecemento de créditos aos alumnos que superen os cursos de competencias en información organizados pola Biblioteca Universitaria. Iso motivou que os cursos desenvolvidos a partir de setembro de 2018 leven o recoñecemento dun crédito. No primeiro semestre deste curso académico matricularonse nalgún dos cursos ofertados 1.653 estudantes, correspondentes a 34 titulacións. Cando se peche o segundo semestre poderemos dar datos totais e analizar polo miúdo o grao de implantación nos dous campus (ata o momento 824 en 20 titulacións).

Servizos de Apoio á Investigación

Neste ámbito a actividade centrouse na potenciación do rexistro en ORCID do persoal docente e investigador da Universidade. Na actualidade, preto dun 60 % do PDI (1.250) está xa rexistrado nesta plataforma. Polo demais, a calidade das contas e perfís está a mellorar, e a súa visibilidade viuse favorecida pola incorporación e sincronización de ORCID con outras plataformas. Neste terreo, as liñas de acción desenvolvidas en 2018 foron as seguintes:

- Continuar a expansión das contas, de forma que a gran maioría do PDI da USC conte co seu rexistro ORCID.
- Intensificar a calidade dos rexistros, en relación aos seguintes aspectos:

- Presenza da afiliación institucional na súa forma normalizada
- Inclusión da maioría de publicacións
- Conexión con outros perfís e identificadores.
- Potenciar e axilizar a incorporación dos novos identificadores ORCID do PDI da USC a todos os sitios web da Universidade (Autores Galegos na BUSEC, Buscador de investigadores da USC...), así como noutras plataformas (Dialnet...).
- Axilizar as tarefas de incorporación a ORCID dun maior número de PDI da USC, mediante a convocatoria, en decembro de 2018, de tres postos para a realización de prácticas extracurriculares remuneradas na BUSEC.

Repositorio Institucional Minerva

Con relación ao repositorio Minerva, cabe salientarse os seguintes datos:

- Ao longo de 2018 Minerva reixstrou 99.139 consultas e 68.051 descargas de documentos.
- Realizáronse diversas sesións formativas de autoarquivo en Minerva dirixidas a PDI e asesorouse a diversos grupos de investigación para facilitar o arquivo da súa produción científica no repositorio institucional.

Cooperación en Redes

A Biblioteca Universitaria participou en diversos proxectos de cooperación en redes, máis concretamente:

- Proxectos con Bibliotecas Universitarias galegas. Bugalicia.

En 2018 arrincou o estudo para cambiar o Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria. O actual sistema (Innovative Millennium), presente nas tres universidades galegas, xa non está desenvolvido pola empresa que o creou. Isto obriga nun curto período de tempo a cambiar de aplicación. Desde a USC propúxoselle ao Consorcio Bugalicia que se articulara un grupo de traballo para analizar o actual mercado de sistemas de xestión e estudar as opcións posibles para o cambio. Na actualidade xa se fixo o estudo de mercado, probáronse dúas aplicacións e estase a redactar un informe técnico que se elevará aos órganos de goberno de Bugalicia no

primeiro semestre de 2019. As opcións seleccionadas supoñen unha mellora de xestión e un aforro no mantemento do actual programa ademais de proporcionar servizos máis eficientes á comunidade universitaria e proporcionar unha meirande visibilidade internacional dos catálogos.

- Participación na sectorial da CRUE REBIUN. Red de Bibliotecas

A directora da BUSEC exerce a secretaría executiva desta sectorial. Ademais de diversos grupos de traballo da propia sectorial (repositorios, catálogos colectivos, patrimonio bibliográfico), participa como membro das comisións intersectoriais da CRUE para a negociación de licenzas nacionais para Scopus e WOS, a comisión negociadora do convenio coas entidades de xestión CEDRO VEGAP e o grupo de traballo de CRUE dedicado a establecer a estratexia da Conferencia de Rectores en Open Science.

CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS

5.1/ CULTURA

A USC ten unha intensa actividade cultural en distintos ámbitos e con ela pretende estimular e potenciar a actividade artística no seo da comunidade universitaria, tanto a través do teatro, como da danza, música, exposicións e accións de posta en valor do patrimonio histórico.

A parte da liña de continuidade das actividades xa consolidadas, son de salientar os traballos de implementación do futuro Museo Virtual da USC e a diagnose do estado de conservación do Patrimonio Histórico-Artístico.

Neste ano 2018 a área de Cultura da USC desenvolveu:

1. TEATRO

- Xira da compañía da Aula de Teatro co espectáculo “Pasar por Nida”
- Estrea do espectáculo “A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour”
- XXIV Festival Internacional de Teatro Universitario
- XIX Mostra de Teatro Universitario de Galicia
- No Campus de Lugo celebrouse o XXIV Festival de Teatro e a Compañía do Campus estreou a montaxe WK

2. MÚSICA

- Encontros orquestrais de primavera, verán e nadal da Orquestra da USC
- Ciclo OCULTA POLIFONÍA (sonatas e partitas para violín só e suites para violonchelo só de X.S. Bach)
- Ciclo As grandes compositoras dos séculos XIX e XX

- II ciclo Novos Talentos Musicais
- Ciclo *Le nuove musiche*: música vocal e instrumental dos séculos XVII e XVIII
- Programa de concerto Motetes, madrigais e diferencias do Coro Universitario

No Campus de Lugo destácanse os ciclos:

- Músicas a Carón da Mosqueira
- Lubicán
- Xoves de Moda
- Noites na Domus
- Na Calzada
- Sonscreativos

3. DANZA

- XVI Encontro Universitario de Danza Contemporánea nos campus de Compostela e Lugo)
- Programa “Empatía - Xogando coa danza”

4. EXPOSICIÓNS

- Miradas de marfil
 - Especulacións utópicas arredor do corpo
 - Desemellanzas
 - Con secuencias
- Santiago Pintado
- Ciencia e arte baixo presión
 - Tan lonxe, tan perto
 - Retratos alegóricos.

- E ti (de quen) vés sendo?
- Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo, con Galiza sempre no horizonte
- No Campus de Lugo, celebráronse dúas edicións da exposición do MARATÓN FOTOGRÁFICO

5. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DA USC

- 1ª fase de diagnose do estado de conservación do patrimonio histórico artístico para detectar posibles patoloxías que implicaría un ulterior plan de restauracións
- Traballos de documentación e fotografado de pezas para a preparación do futuro Museo Virtual da USC

6. PROGRAMA FORMATIVO


Cursos e programas de formación cultural e extensión universitaria desenvolvidos nos dous campus

- Sesións do programa “NERD NITE”.
- Cursos de Teatro.
- Cursos de danza contemporánea, latina e tradicional.
- Cursos de fotografía.
- Curso de primavera do Campus de Lugo.
- Cursos da Universidade de Verán.

5.2/ DEPORTE

O número de persoas con matrícula no Servizo de Deportes era en xullo de 2018 de 8.694 persoas, das que pertencen á comunidade universitaria 5.832, o 67 %, do que un 89,0% é alumnado e un 48,6% mulleres. É de destacar a suba con respecto aos datos do curso pasado do colectivo feminino, tanto no PDI, cun incremento medio do 9%, coma no alumnado, cun incremento aproximado do 19%.

O Servizo xestiona tamén, como todos os cursos, 5 grandes instalacións deportivas, que se poñen a disposición para a práctica libre, maioritariamente da comunidade universitaria, cun 67% das persoas que fan uso libre das nosas instalacións deportivas, e especialmente do noso estudantado, que cun 58% fai uso delas de xeito case paritario entre homes e mulleres. Así mesmo, a USC colabora con administracións e entidades na organización de eventos, na promoción da práctica deportiva e como axente facilitador.



Deste xeito, prestouse servizo a unhas 40 entidades, a nivel tanto interno como externo.

Sen lugar a dúbidas, un fito destacado no ano 2018 foi o desbloqueo das obras do campo de fútbol, que permitiu que finalmente en decembro de 2018 puidese estar dispoñible tanto para comunidade universitaria como para a sociedade, a través da sinatura de convenios con diversas federacións deportivas.

Área Académica

Dentro deste ámbito é preciso destacar os seguintes fitos:

- A oferta de Escolas Deportivas, cos obxectivos primordiais de transferir coñecemento e de inculcar hábitos de vida saudables para acadar beneficios en termos de benestar e calidade de vida, concentra 2.655 matrículas entre os Campus de Santiago e Lugo, das que 1.470 pertencen á Comunidade Universitaria (o 55,4%, do que un 72,6% é alumnado e do que un 72,2% son mulleres). A oferta repártese entre 32 escolas diferentes e 318 grupos (entre cursos e rutas de sendeirismo).
- Por 5º ano consecutivo desenvolveuse o programa de recoñecemento académico de créditos nas actividades das Escolas Físico Deportivas da USC, co recoñecemento de créditos a 320 alumnas e alumnos, aproximadamente.
- Canto á proxección cara á cidadanía, e pensando no noso futuro, un bo exemplo son os sete centros escolares do contorno de Santiago vinculados en exclusiva á escola de Natación. Por último, cómpre

salientar o labor e o esforzo, no eido da diversidade funcional, realizados dende o Servizo de Deportes para atender en Natación Especial a persoas que requirían dedicación en exclusiva ou dunha especial atención. Tampouco podemos esquecer os grupos de traballo na escola de Natación coa ONCE.

Área de Competición

Polo que se refire ao deporte de competición, os feitos máis salientables do período de referencia son os seguintes:

- Celebráronse 31 competicións distintas, entre campionatos de España e de Galicia, campionatos propios, torneos e outros eventos. Nelas participaron uns 526 deportistas da USC, para o que desde o Servizo se facilitou sempre o desenvolvemento de políticas de inclusión.
- A USC recoñeceu 24 deportistas de alto nivel (16 dos seus alumnos e 8 das súas alumnas), o que supón un aumento dun 71%, con respecto ao curso pasado, un 60% no caso dos alumnos e un 100% no caso das alumnas.
- Nos Campionatos de España Universitarios, nos que se participou por terceiro curso consecutivo, os resultados acompañaron ao noso alumnado cun total de 11 medallas: 1 de ouro, 7 de prata e 3 de bronce.
- Tamén se subiu 8 veces ao máis alto do podio nos Campionatos Galegos Universitarios: na modalidade de baloncesto feminino, en 6 probas do programa de natación (3 na categoría feminina e 3 na

masculina) e tamén na clasificación por equipos desta modalidade deportiva.

- Organizáronse ligas internas para ambos os sexos, con 3 modalidades diferentes (porque non se puido dispoñer do campo de fútbol/rugby). O balance foi de 152 equipos en liza, 546 partidos xogados e 1.708 inscricións. Cabe destacar o voleibol, onde participaron equipos mixtos.
- Participamos nos XXXI Xogos Galaico-Durienses, celebrados na Coruña o 29 e 30 de novembro, claro exemplo da colaboración trasfronteiriza e cunha eminente vocación en prol da igualdade de xénero.
- Para rematar, no ámbito da competición federada, a nosa Universidade acolleu a máis de 454 deportistas englobados nas 10 seccións que constitúen actualmente o Club USC, parte integrante desta casa. Ademais, 8 desas seccións son a consecuencia lóxica das escolas físico deportivas que lle serven de base.

5.3/ PUBLICACIÓNS E INTERCAMBIO CIENTÍFICO

Producción editorial

A produción editorial no curso 2017-2018 foi de 23 libros impresos e 22 libros dixitais. Hai que salientar o avance da edición dixital, pois por primeira vez o número de libros dixitais (sexan nativos ou versións dixitais de libros impresos) é parello ao de libros impresos.

Canto ás revistas, editadas dixitalmente en Rev{USC}. Portal dixital de revistas da USC (usc.es/revistas), saíron no período 24 volumes de 18 revistas.

Finalmente, editáronse 145 teses de doutoramento, aloxadas na súa totalidade en acceso aberto no Repositorio Institucional Minerva.

Acceso aberto

No mes de xuño de 2018, as teses de doutoramento publicadas no Repositorio Minerva acadaron os 2.201 títulos.

Certificacións e Premios

O Sistema de Xestión de Calidade do Servizo de Publicacións (selo USC Editora), que está certificado dende 2014 coa norma ISO 9001:2008 de sistemas de



xestión de calidade, adaptouse con éxito á nova versión da norma ISO 9001:2015.

Por outra banda, foron premiados dous libros editados pola USC nos XX Premios Nacionais de Edición Universitaria, un deles, *Con el alba. El Cuaderno de Francia de Ramón del Valle-Inclán*, co máximo galardón (Obra mellor editada). O outro libro premiado foi *Memorias de Fernando Álvarez de Sotomayor* (Mellor coedición interuniversitaria).

5.4/ INTEGRACIÓN UNIVERSITARIA

Na convocatoria do curso 2018/2019 a USC foi destacada como a primeira do estado en número de voluntarios (2.668 alumnos/as das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde, principalmente) e segunda por número de programas desenvolvidos, 160, tal e como recolle o VI Estudo do Voluntariado Universitario da Fundación Mutua Madrileña.

Mantense esta elevada participación porque se consolidan os programas de voluntariado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago coordinados pola Xerencia do CHUS, os de apoio ao alumnado Erasmus en colaboración co Servizo de Relacións Exteriores no Campus de Lugo, así como a metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo incluíndo ao alumnado participante en actividades de participación social.

Asináronse cerca dunha ducia de novos convenios de colaboración para o desenvolvemento de programas con voluntarios con entidades da contorna, tanto públicas como privadas, o que permite afondar máis na implementación de actividades de participación social e voluntariado co terceiro sector da nosa comunidade.

Continúa o crecemento da participación de persoas voluntarias en actividades de voluntariado cultural, con máis de cen participantes en actividades como o Festival Work On Sunday ou as exposicións de Mónica Mura ou Burla Negra na Igrexa da Universidade. Tamén outras 30 persoas colaboraron activamente no Campionato Mundial de Xadrez sub 12 celebrado en Santiago o pasado mes de novembro de 2018.

Tamén se desenvolveu a XVI edición da Olimpíada Solidaria, na que participaron máis de 2.000 estudantes, co que a USC ocupou o terceiro lugar a nivel estatal e e co que se recadou case o dobre de

cartos que o pasado ano, 44.463 €, para financiar tres proxectos en países do terceiro Mundo.

Na Área de Integración Universitaria mantense o elevado número de solicitudes con respecto a cursos anteriores: atendéronse 57 solicitudes de apoio a estudantes con necesidades especiais (37 en Compostela e 20 en Lugo).

Coa Fundación ONCE e a CRUE asinou un convenio de colaboración para a realización de prácticas externas de estudantes con discapacidade, ao amparo do programa “Becas-prácticas Fundación ONCE-CRUE-Universidades españolas”. Cinco estudantes da USC obtiveron estas bolsas.

Impartíronse catro módulos dentro do PFID sobre *Inclusión educativa no ensino superior: aproximación*

á metodoloxía docente, dous no campus de Santiago e outros dous no de Lugo.

5.5/ CENTRO DE LINGUAS MODERNAS

Unha das competencias que máis demandan as empresas reside na capacidade comunicativa en diferentes idiomas, polo que as linguas son eixe chave na formación do estudiantado. O Centro de Linguas Modernas ten unha gran actividade neste eido e ofrece a toda a comunidade universitaria a oportunidade de afondar na mellora das súas capacidades lingüísticas. O seguinte cadro recolle os datos máis importantes.

	CURSOS	PROBAS
PRAZAS CONVOCADAS	-----	6022
Nº TOTAL MATRICULADOS	1461	3603
MATRÍCULA HOMES	934	2316
MATRÍCULA MULLERES	527	1287
ALEMÁN	116	26
FRANCÉS	196	89
INGLÉS	306	3088
ITALIANO	84	232
PORTUGUÉS	72	174
ESPAÑOL	477	
XAPONÉS	108	
CHINÉS	44	
CHECO	5	
CATALÁN	18	

TÁBOA 13/ Centro de Linguas Modernas. Cursos e probas

INTERNACIONALIZACIÓN

6.1/ PROGRAMAS DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES, PAS E PDI

Os datos resultantes dos programas de mobilidade, tanto no referente a estudiantado, PDI e PAS, recóllese na táboa 15.

Cabe salientar que o 15 de setembro de 2018 se celebrou no Xardín de Fonseca o *International Students Welcome Day*, que reuniu o estudiantado internacional nun acto que pretendía servir de acollida e de primeiro punto de contacto e integración dos estudantes que nos visitan, e no que participaron preto de 1.000 estudantes.



International Students Welcome Day. Claustro de Fonseca

	ESTUDANTES				
	ERASMUS			SICUE	C. Bilateral
	KA103	KA107	Prácticas		
SAÍNTES	435	1	39	249	81
ENTRANTES	368	63	---	127	402
PAS					
SAÍNTES	2	3			
ENTRANTES	9	27			
PDI					
SAÍNTES	45	11			---
ENTRADA	---	38			26

TÁBOA 14/ Programas de mobilidade no curso 2018/19



6.2/ PROYECCIÓN INTERNACIONAL DA USC

Durante o ano 2018 a USC acudiu a diversas Feiras de Educación Superior, celebradas en Colombia, Ecuador, México, Perú, Qatar, Rusia, Taiwan, Xapón e Vietnam, nas que se atendeu a un total de 4.828 alumnos e alumnas interesados na oferta académica da USC. As matrículas efectivas na USC supuxeron aproximadamente 745.000 €, dos cales un 63% corresponde a matrícula de 150 estudantes de mestrado.

6.3/ PROXECTOS INTERNACIONAIS DE MOBILIDADE

Os datos máis relevantes en relación cos proxectos internacionais no curso 2018-19 son os seguintes:

- Propostas KA2 Capacity Building
 - Proxectos solicitados (total): 25
 - Proxectos solicitados como coordinador: 12
 - Subvención correspondente á USC: 2.081.883 €
- Propostas Strategic Partnership
 - Proxectos solicitados (total): 9
 - Proxectos solicitados como coordinador: 4
 - Subvención correspondente á USC: 467.502 €
- Proposta Knowledge Alliance
 - Proxectos solicitados como coordinador: 1
 - Subvención total solicitada: 990.680 €
- Proxectos Jean Monnet
 - Proxectos solicitados como coordinador: 1
 - Subvención total solicitada: 54.764 €
- Key Action 3 E+
 - Proxectos solicitados: 1
 - Subvención total solicitada: 1.751.163 €

CALIDADE E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

7.1/ MELLORA DA CALIDADE

As actividades máis salientables, ademais das ordinarias de soporte ao seguimento e acreditación de titulacións e de aportación de datos para diversos requirimentos (rankings, estatísticas institucionais, etc.), son as seguintes:

- Levar a efecto unha simplificación do Sistema Marco de Garantía de Calidade, por medio dunha nova versión que se caracteriza polos trazos seguintes:
 - Diferenciar entre procesos institucionais (aqueles que desenvolven e executan os órganos xerais da USC) e procesos de centro, que son os que propiamente están confiados á responsabilidade dos centros docentes.
 - Alixeirar a carga procedimental e documental do modelo marco, suprimindo os procedementos asociados a procesos e remitíndose ás normas xerais que regulan as actividades incluídas no ámbito dos sistemas de garantía da calidade.
- Establecer un período amplo para facilitar a adaptación de todos os centros á nova versión do sistema de garantía de calidade, no que se proporcionará aos centros apoio para esta tarefa.
- Impulsar a acreditación institucional dos centros como opción da institución para facilitar a simplificación dos procesos de seguimento e

acreditación das titulacións. En concreto, en 2018 conseguíuse certificar a implantación dos sistemas de garantía de calidade na ETSE, na EPSE, e nas Facultades de Ciencias, Bioloxía e Psicoloxía. Nestes cinco centros tramitouse de seguido a certificación da acreditación institucional por parte do Consello de Universidades, que foi aprobada por ese órgano con efectos do 28 de xaneiro de 2019.

- Por outra banda, presentáronse ao proceso de certificación de implantación do seus SGICs a Facultade de Administración e Dirección de Empresas e a de Formación do Profesorado, de Lugo, e a de Ciencias da Comunicación, en Santiago de Compostela, estando aínda pendente a resolución correspondente por parte da ACSUG.
- Diseñar o Sistema de Garantía de Calidade para os estudos de Doutoramento. Neste ámbito, completouse o deseño do sistema por medio dun traballo coordinado entre a ACMP, o CIEDUS e as Escolas de Doutoramento, que será sometido á aprobación no segundo trimestre de 2019.
- Revisar o modelo de enquisas de satisfacción coa docencia (recibida e impartida) así como establecer criterios para a certificación de resultados ligados a condicións de representatividade e fiabilidade da información. Como consecuencia desta revisión, dende 2018 o PDI será avaliado naquelas

materias en que imparta un mínimo de 15 horas ou un 25% do total de horas da materia, e os criterios para proceder a certificación dos resultados das enquisas do PDI concretaranse en aplicar un criterio regresivo de tal xeito que naquelas materias con menor volume de alumnos/as matriculados/as se requira unha maior esixencia de respostas, de acordo a estes intervalos.

- Elaborar, xunto coas universidades de Granada e Jaume I, un informe, encargado pola ANECA, sobre experiencias internacionais en xestión da empregabilidade desde as universidades, destinado a permitir deseñar unha guía de autoavaliación a este respecto para as universidades españolas.

- Dar soporte ás distintas unidades da USC que teñen certificacións de sistemas de Xestión ISO (Xestión Académica, Selo Editorial do Servizo de Publicacións) para a renovación destas acreditacións.

7.2/ TIC

A actividade transversal das TIC xira arredor de tres grandes eixes:

1. A atención a usuarios
2. O mantemento e operación
3. O desenvolvemento de proxectos

CENTROS VS EQUIPOS ATENDIDOS/INCIDENCIAS

EPS 1.670 749	Fac. Económicas 1.076 938	Pazos de San Xerome e Fonseca 951 922	Fac. Psicoloxía 760 646	Fac. Medicina 723 711	Pavillón de Servizos 708 340	Fac. Física 692 553
	Fac. Administración e Dirección de Empresas (L) 1.068 236	Edificio Intercentros 945 617				
Fac. Matemáticas 1.545 795	Fac. Ciencias 984 247	Fac. Historia e Edif. Mazarelos 903 805	Casa da Balconada 668 622	Pavillón Estudiantil 651 649	CACTUS 594 596	Chalets dos 497 447
		Fac. CC. Educación [Sur] 885 600	Fac. Farmacia 964 662	Monte da Condesa 479 261	Fac. CC Educación (Norte) 384 320	CIQUS 326 312
Escola Técnica Sup. de Enxeñaría [ETSE] 1.239 458	Fac. Dereito 962 620	Fac. Química 803 392	CIMUS 429 401	E.U. Enfermería	Burgodas	
Fac. Filoloxía 1.158 786		Fac. Veterinaria 775 709	Rel. Laborais e CC. Políticas 414	Fac. Filosofía	CIBUS	ILGA
			Fac. CC. da Comunicación 399	Fac.		

GRÁFICO 5/ Centros e equipos atendidos polo CAU





GRÁFICO 6/ Equipos atendidos por tipo de incidencia



Atención a usuarios

A atención a usuarios inclúe a atención de solicitudes, a resposta a consultas e a resolución de incidencias. No ano 2018 atendéronse 26.834 peticións de servizo. Ademais destas peticións, instaláronse 123 equipos novos en aulas de informática.

Mantemento e operación

A maior parte do persoal da Área TIC encárgase de manter en funcionamento todos os sistemas, aplicacións e infraestruturas que prestan servizo á comunidade universitaria:

- Aplicacións de xestión
- Campus virtual
- Servidores web
- Servizo de correo electrónico
- Rede Wifi e cableada. No último trimestre do 2018 instaláronse 80 novos puntos WiFi (o que permite un incremento notable da cobertura), repartidos do seguinte xeito:
 - Centros:
 - Campus Vida: 20
 - Campus Norte: 22
 - Casco Histórico: 12
 - Campus de Lugo: 12
 - Residencias Universitarias:
 - RU Monte da Condesa: 6
 - CM Fonseca: 3
 - Pavillón de Servizos e outros: 3
 - Casa da Balconada: 1
 - Biblioteca Concepción Arenal: 1
- Telefonía fixa e móbil
- Ciberseguridade. No período setembro-novembro do 2018 a USC tivo que facer fronte a un total de 134.464 ameazas, ou sexa, unha media dunha ameaza por minuto. A maior parte das ameazas centráronse na explotación de vulnerabilidades (máis de 84.000), que nalgúns casos tiñan carácter crítico (13%), pois tiñan como obxecto facer trocos nas bases de datos.
- Administración electrónica

- Servizos de soporte da TUI
- Xestión de licenzas de software

Desenvolvemento de proxectos

A comisión de gobernanza das TIC aproba os proxectos que a USC abordará ao longo de cada ano. Os proxectos máis importantes no 2018 foron os seguintes:

- Melloras na xestión dos TFG/TFM na aplicación Xescampus: implantación do módulo de TFG/TFM nos centros.
- Melloras da plataforma de administración electrónica: as máis importantes son os visados e revisores no portasinaturas e as notificacións electrónicas seguindo a nova lei.
- Melloras das enquisas de avaliación da actividade docente para cubrir todos os tipos de enquisas que se fan ao alumnado e profesorado no marco dos programas de calidade.
- Desenvolvemento dunha aplicación de xestión electoral: aplicación para xestión completa de procesos electorais, integrada coa administración electrónica.
- Sinatura electrónica en dispositivos móbiles: posta en marcha dun sistema de sinatura na nube que permite o uso de dispositivos móbiles para asinar con certificados.
- Rexistro horario: posta en marcha da aplicación de rexistro horario.
- Migración a telefonía IP no Colexio de San Xerome e de Fonseca, na Piscina, na Área TIC e na Facultade de Humanidades.
- Melloras no tendido de fibra óptica nos seguintes edificios: CM Fonseca, CM Rodríguez Cadarso, CM San Clemente, RU Burgo das Nacións, Piscina Universitaria, Estadio de Atletismo, Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, CIBUS, CIQUS, Casa Ximena e Elisa Fernández de la Vega, Pavillón de Estudiantes.
- Renovación completa dos equipos da rede de datos troncal da USC, da rede de datos de agregación dos edificios e unha parte importante da de acceso.
- Mellora da cobertura WiFi en toda a universidade.

7.3/ CAMPUS VIRTUAL

No curso 2018-2019 todas as materias en POD dispoñen dunha aula virtual asociada. Ademais, deuse soporte a accións de formación continua, posgrao propio, IV Ciclo e actividades de coordinación docente. Os datos máis relevantes relativos ao Campus Virtual foron os seguintes:

- Número de aulas na plataforma: 5.208
 - Grao e Posgrao oficial: 4.354
 - Posgrao propio: 9
 - IV Ciclo: 74
 - PFID: 11
 - BUSC: 54
 - Coordinación: 702
 - Outros: 4
- Número de usuarios na plataforma: 37.676
 - Estudiantes en Grao e Posgrao oficial: 23.150
 - Estudiantes en Posgrao propio: 188
 - Estudiantes en IV Ciclo: 394
 - Estudiantes en PFID: 173
 - Estudiantes en BUSC: 2.611
 - Docentes en Grao e Posgrao oficial: 2.825
 - Docentes en Posgrao propio: 114
 - Docentes en IV Ciclo: 66
 - Docentes en PFID: 7
 - Docentes en BUSC: 39



CAMPUS DE LUGO

Indícanse a seguir, de xeito resumido, aquelas actividades relacionadas especificamente coa xestión do Campus de Lugo, para o que se agrupan en función do seu ámbito. Ao tempo, cabe destacar como elemento senlleiro na vida académica do Campus a celebración no Pazo de Montenegro dunha sesión ordinaria do Consello de Goberno, a primeira sesión deste órgano que ten lugar no Campus de Lugo.

- 1 curso de Habilidades Comunicativas, módulo “Falar en público”
- Curso de Habilidades Comunicativas, módulo “Presentacións dixitais eficientes”

Ademais, celebrouse tamén *DivulgaTerra 2018*, do que se celebraron tres sesións, correspondentes aos ámbitos de Ciencias da Saúde, Ciencias e Tecnoloxía e Artes, Humanidades e Ciencias Sociais. Trátase dun evento que permitiu visibilizar o traballo de máis de 26 investigadoras e investigadores do campus de Lugo, e, ao tempo, promover a utilización do galego como ferramenta para a comunicación e a difusión dos resultados desas investigacións.

8.1/ NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

No eixe de formación, no Campus de Lugo tiveron lugar 4 cursos de formación:

- 1 curso de lingua galega para non galegofalantes, do nivel A1
- 1 curso de Habilidades Comunicativas, módulo “A redacción científica”

8.2/ INTERNACIONALIZACIÓN

No ámbito da internacionalización, cómpre salientar, en primeiro termo, a colaboración desde o seu





inicio coa Asociación estratéxica LANDCARE Erasmus+ USC, xunto coa Área de Orientación Laboral do Campus Lugo, desde onde se prestou asesoramento técnico para o deseño, desenvolvemento, execución e auditoría do proxecto. Ademais, tamén se colaborou na organización da “Conference Landcare for the future”.

Por outra banda, no período de referencia do informe celebráronse actos de recepción de diversas visitas institucionais, como as das delegacións da república de Kazakhstán, da Universidade Mohamadiya de Yogyakarta (Indonesia), da Universidad de Guanajuato (México) ou da Universidad de Cienfuegos (Cuba).

8.3/ CAMPUS TERRA

No tocante ao desenvolvemento do Campus Terra, cabe salientar os seguintes fitos:

- Elaboración e presentación de Memoria de Actividades 2018.
- Inicio das tarefas de elaboración do novo Plan Estratéxico Campus Terra.
- Viaxe para coñecer o Campus de l'Alimentación de Torribera (Barcelona).
- Elaboración e lanzamento da segunda convocatoria de proxectos colaborativos no Campus Terra.

8.4/ INVESTIGACIÓN

No terreo da investigación, innovación e transferencia paga a pena que nos deteñamos nos seguintes feitos:

- *Agrupación Estratéxica BioReDes*. Xorde como resultado da agregación de capacidades de grupos

de investigación dos Campus de Lugo e de Santiago. Coordinouse o proceso de elaboración da proposta presentada en agosto de 2018 e concedida en novembro do mesmo ano. En decembro tivo lugar a presentación da memoria de actividades e da xustificación económica.

- Constitución dunha Unidade Mixta entre FINSA e PEMADE, un importante logro no ámbito da Xestión Forestal Sustentable.

- No ámbito da RIAIDT cabe salientar:

- Mellora na rede de infraestruturas da RIAIDT (melloras no fitotrón, instalación brazo robotizado RMN 400 MHz).

- Peticións de infraestruturas para a unidade de Análise Elemental (AE) e Microscopía. Concedeuse o solicitado para a unidade de AE.

- Animalario. Realizouse unha análise da situación de partida, preparouse un folleto coa oferta de servizos, publicouse o servizo dentro e fóra da USC, renovouse a información da páxina web, púxose en marcha en fase de probas o Biomódulo, e propúxose o lugar de prácticas para cursos de experimentación animal.

- Polo que se refire ao Polo de Innovación Dixital no sector agroalimentario, é de salientar:

- Inclusión da USC no call RUR-12 DIH do HORIZON 2020 nun proxecto de referencia na dixitalización do sector primario en Europa. Foi concedido e botou a andar en novembro de 2018. A participación da USC consiste en experiencias piloto na Granxa Experimental de Campus Terra.

- Elaboración da proposta e convocatoria dos Digital Innovation Hubs de GAIN nos ámbitos agroalimentario e biotecnolóxico, para o que actuaron como impulsores principais do consorcio a CLUSAGA, BIOGA, USC e GRADIANT, entre outros.

- Tocante á captación de financiamento de I+D+i, os datos máis destacables son os seguintes:

- O orzamento captado foi de **8.597.665 €**, contabilizando proxectos autonómicos, nacionais, internacionais e demais modalidades, nos distintos estados (concesión, execución etc.), ademais de contratos e convenios específicos, incluído

o financiamento das axudas de Referencia Competitiva e Potencial Crecemento e a Unidade Mixta concedida PEMADE-FINSA.

- Son tamén indicativos os máis de 50 contratos por convenios/servizos con entidades da contorna, tanto ao abeiro de convocatorias competitivas (CDTI, Xunta, Deputación...), como de maneira directa con empresas, cun importe de **2.910.870 €**, o que supón o 34% do total de fondos captados en 2018.

8.5/ PROYECCIÓN NA CONTORNA

Son moitas e moi diversas as actuacións froito da interacción entre a Universidade e as entidades e institucións da contorna máis próxima ao Campus de Lugo. Entre elas paga a pena mencionar as seguintes:

- Organización e participación en xornadas (CLUSAGA, FEUGA grupos operativos, etc.)

- Participación na articulación e posta en marcha das Bussiness Factory da GAIN no ámbito alimentario (Food- xunto con CLUSAGA), e AERO (en colaboración coa CEL- e radicada en LUGO). Esta última constitúe un paso máis na iniciativa de dixitalización do agro no ámbito dos drones e as tecnoloxías SIG e de espectrofotometría, en consonancia coa participación de numerosos grupos de investigación na iniciativa Civil UAVS Initiative de Rozas.

- Organización da xornada EIT-Food xunto con CLUSAGA e EIT.

- Lanzamento das novas edicións dos programas de emprendemento Explorer e Argos.

- Realización de diversas actividades na Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA):

- Realización de cursos de formación para empresas: Industrias ROKO, Pascual, Casa Grande de Xanceda, GDR Ulla-Tambre-Mandeo, CAPSA, NATRA CACAO e PULEVA FOOD.

- Desenvolvemento de proxectos e contratos: 278 proxectos/contratos executados ou en trámite en 2018 para un elenco de 94 clientes diferentes.

- Celebración do Día Internacional do Leite e xornada de portas abertas (110 escolares de 2 colexios de Lugo).

Participación en diferentes paneis de cata en diferentes concellos galegos.

- Realización de actividades de promoción preuniversitaria:

- Campus de Verán Xuvenciencia 2018, con 150 prazas cubertas por alumnado de 13 provincias españolas, e unha demanda de case o dobre de solicitudes. Nesta actividade participaron 170 profesores e técnicos.

- 3DMobile, con máis de 5.000 participantes e uns 800 centros escolares de 45 países.

8.6/ INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

Ademais das actuacións ordinarias de reparación e mantemento leváronse a cabo as seguintes actuacións en materia de infraestruturas:

- Inicio dos traballos conducentes a doazón oficial e dixitalización dos fondos fotográficos e bibliográficos Rof Codina.

- Granxa Experimental Campus Terra en Gayoso Castro:

- Tarefas de posta en marcha da Granxa Experimental do Campus Terra, co obxectivo de dar soporte ás actividades de docencia, así como para servir de centro de demostración, experimentación e innovación para o tecido produtivo da contorna, como demostra a súa inclusión nun Proxecto de Innovación de referencia no call europeo Digital Innovation Hubs for Agriculture. É un fito máis que axuda á USC a armar e defender, xunto con outros actores representativos do sector primario (CLUSAGA, GRADIANT, BIOGA, CLUSTER SAUDE...), unha proposta á convocatoria de Hubs da GAIN que pretende achegar e diseminar a innovación a toda esa cadea de valor (actualmente en proceso de resolución).

- Constitución da comisión de seguimento da Granxa Gayoso Castro.

- Remodelación da Sala de Necropsias (Facultade de Veterinaria).

Pola súa banda, no ámbito cultural cabe salientar o seguinte:

- Domus do Mítreo. A Universidade recibiu do Concello de Lugo a transferencia da xestión do



Museo en maio de 2018. Desde entón déronse os pasos para constituír a comisión asesora e nomear os órganos de goberno e cargos. Tamén se fixo a licitación para a contratación do persoal e da xestión ordinaria das instalacións. Coa axuda da Xunta de Galicia, realizáronse traballos de musealización e de equipamentos audiovisuais. Cabe sinalar que durante este período o Museo se converteu nun importante punto de atracción de visitantes, pois nos primeiros meses de funcionamento o seu número superou as dez mil persoas.

- A maiores da actividade cultural xeral xestionada pola USC (aulas de teatro, danza, etc.) desenvóléronse diversas actividades enmarcadas no Convenio Lugo Cultural (USC-Deputación-Concello): Músicas a carón da Mosqueira (todos os meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro); Lubicán (todos os meses de febreiro a xuño); Són-creativos (maio); Festival de Teatro Universitario (marzo); Curso de Primavera (abril); Maratón Fotográfico do Campus e Maratón de curtas (xuño-dicembro); Finde curta (abril). En conxunto, as actividades ofertadas tiveron unha participación de 6.042 persoas.

- A Compañía de Teatro USC-LUGO (WK), viaxou a Toledo, León, Vigo e Santiago, e recibiu o Premio da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense e o Premio Nacional de Teatro Universitario.

Orientación laboral

No ámbito da orientación laboral, a actividade específica desenvólta no campus de Lugo centrouse nas seguintes actuacións.

- Orientación laboral personalizada. Mediante a realización de entrevistas individualizadas (1,5 -2 h) faise un plan específico para a titorización e seguimento ao longo de todo o proceso de inserción laboral. O número total de entrevistas realizadas en 2018 foi de 280.

- Bolsa de emprego. Desde o ano 1998 mantense activa unha bolsa de estudantes e titulados demandantes de emprego, bolsas ou práctica laborais.

- No 2018 xestionáronse dende a Bolsa de Empego do Campus de Lugo 279 ofertas de

emprego ou prácticas (algunha das ofertas inclúe máis dun posto de traballo). Como dato indicativo pódese destacar que no mes de agosto, cando a actividade empresarial é mínima, na Área de Orientación Laboral do Campus de Lugo se tramitaron preto de 40 ofertas de traballo.

- Incorporáronse á Bolsa de Empego máis de 300 novos CV.

- A presenza en LinkedIn estase a consolidar coa incorporación de 500 novos seguidores ao perfil.

- Programa MEL (Mércores de Empego en Lugo). Ten a súa base na realización de diversas charlas de carácter transversal a todas as titulacións como, por exemplo, a elaboración de ferramentas para o emprego (CV, Europass, Lk), axenda de emprego, etc. En 2018 fixéronse un total de 11 charlas, nas que participaron 187 alumnos/as e egresados/as do Campus de Lugo.

- Xornadas de orientación laboral, nas que participaron 560 alumnos/as.

